

TERRA DE OUTES 45

Xaneiro - Marzo 2019

1€



neste nº

A xurisdición de Muros (IX)
Serradoiro do Cunchido (II)
O despoboamento dos núcleos
rurais. Outes
Uns días na Ribeira Sacra (I)
Sancosmeiros (I)
Campana de Pau
... e as nosas seccións habituais



Entrevista a...
Marisol Nieto Mallo

Editorial

AS CENTRAIS HIDROELÉCTRICAS SON NOSAS

No noso país estamos acostumados a falar de centrais hidroeléctricas e encoros. Existen mil motivos para facelo: o seu impacto medioambiental, o impacto social, o impacto económico, xerando grandes beneficios para as empresas xestoras da central pero destruíndo terra fértil para diversos cultivos, ou moitos outros factores.

Por desgraza existe un elemento de moito interese pero que está sendo obviado dende o goberno galego e a administración. *Hoxe en día as centrais hidroeléctricas poderían ser públicas, en lugar de continuar producindo beneficios para as empresas privadas que nos venden a electricidade.*

Isto é así porque as centrais hidroeléctricas non son estritamente privadas, senón que funcionan baixo réxime de concesión, xa que empregan un ben público, que é a auga. A administración outorga unha concesión durante un período de tempo á empresa que constrúe a central, pero unha vez rematado o período revértese a concesión e a central pasa a mans públicas. Deste xeito, a lexislación actual marca uns máximos temporais a estas concesións, que unha vez finalizados non son prorrogables. Polo tanto, simplemente habería que agardar a que as concesións rematen para que as centrais pasen a ser públicas, o que significa que eses beneficios que van a mans privadas poderían pasar a aumentar os ingresos para servizos básicos como sanidade, educación ou dependencia.

Pero esta é a sorpresa: na actualidade hai oito centrais que xa teñen caducada a súa concesión. Porén, os organismos dependentes (Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, segundo o río do que se trate) non iniciaron este proceso, que durante estes anos continuou dando beneficios ás empresas eléctricas en lugar de fomentar o público. Isto débese ao desinterese do goberno e á falta de capacidade (e de persoal) da administración. Mentres varias centrais ao longo do Estado (especialmente en Aragón, pioneiro neste asunto) teñen xa tradición nesta medida, en Galiza continuamos tendo medo a tomar unha soa decisión que poida afectar a un dos sectores con máis poder económico: o sector eléctrico.

Diccionario xeográfico Xoán Mariño

Filadelfia. Cidade norteamericana formada por unha fila de elfos

Flancia. País europeo que leva ese nome por ser o maior produtor mundial de flans.

Guadalajara. En árabe “xarra de auga”.

Guadalquivir. Río ao que hai que vir.

Guadalquivir. Río que pasa por Sevilla e hai qui ver.

Guadiana. Cando Ana, de Cidade Real, fai augas con tal magnitude que chegan ata o Atlántico. Por extensión é unha mexada descomunal.

Rumanía. País de procedencia dos pinos rumarosos do himno galego.

Tabarnia. Territorio de Cataluña co maior índice de tabernas por cada 1000 habitantes, o cal o converte na parte do país con máis borrachuzas por km².

Vigo. Cidade galega de onde proceden os vigorosos, xente que nunca desfalece.

Director: Xosé M. Vázquez Luhía-Especht

Consello de Redacción: Domingo Campos, Xoán X. Mariño, Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco

Edita: A.C.C. Terra de Outes

Maqueta e imprime: Grafinoia, S.L.

Visita a nosa páxina web:

www.terradeoutes.com

Revista subvencionada por:



**Deputación
DA CORUÑA**

cocina caseira, natureza e silencio

CASAPERFEUTOMARIA
cabanamoura

Doazón dunha escultura

O pasado mes de setembro o artista rianxeiro Che Tembra, en agradecemento por terlle organizado a exposición da súa obra escultórica na Casa de Cultura da Serra durante ese mesmo mes, agasallou cunha das súas obras á nosa asociación.

Esta peza de ferro sobre madeira de 37 cm. de alto que representa unha face feminina, foi recibida polo presidente da asociación, Xoán Mariño, e pasa a engrosar a colección de Terra de Outes da cal xa

forman parte un gravado do pintor outense Arximiro Suárez, un dos debuxos preparatorios que o artista noiés Alfonso Costa realizou para o retrato do poeta Añón que formou parte dos actos do bicentenario do escritor no 2012, a escultura titulada "Interiores", da artista de S. Ourense, Pepa Nieto Busto e unha reprodución do gravado de Castelao "A derradeira lección de mestre", coa que a familia do mestre Álvaro López Brenlla agradeceu á nosa asociación a homenaxe que



se lle fixo no Freixo no 2017. non moi afastado, luza nun Patrimonio que esperamos local propio para goce de incrementar no futuro e todos os veciños e veciñas algún día, que queremos de Outes.

Cea de Nadal

O sábado 15 de decembro do pasado ano, a Asociación *Terra de Outes* reuniu a parte dos seus membros na súa xa tradicional cea de Nadal, celebrada nesta ocasión en Casa Roque, en Sarnón, para poñer colofón a un ano repleto de actividades, pero tamén de encontros gastronómicos entre socios e colaboradores, que se xuntaron en catro oportunidades anteriormente ao redor dunha mesa: primeiro, no mes de xaneiro, a continuación da asemblea anual, para xantar mexilóns e polbo; logo, no Entroido, para unha lacoada, esta vez no restaurante Amanda; despois, xa entrado o verán, a churrascada que nestes últimos anos vén tendo lugar na área recreativa de Ceilán da Sociedade Liceo de Noia; despois no mes de outubro, a paella que no noso local social de Outes serviu de escenario para presentar a revista nº 44 de Terra de Outes.



Próximos actos

A Asociación Terra de Outes vai organizar durante os días 22 de febreiro e 15 de marzo de 2019 unha exposición do escritor noiés Manuel López, titulada "Mostra branca", que el mesmo define como *un espazo de coñecemento propio a medio camiño entre a fotografía abstracta, a pintura xestual, a poesía e a soidade máis absoluta; aquela na que o trazo derruba todo control sobre a mesma vida.*

Unha exposición onde se procura a creación da desca-sualidade do imperfecto estético e coa que o autor comezou a traballar desde finais do ano 2014.



A xurisdición de Muros (IX)

Xoán Fco. García Suárez

Interrogatorio de Róo (Freguesías de San Xoán de Róo, San Xoán de Sabardes, San Cosme de Outeiro, Santa María de Esteiro e Santiago de Tal).


Respostas 21 a 40

21ª.- **Á vixésimo primeira**, que a freguesía de **San Xoán de Sabardes** componse de douscentos vinte e catro veciños, a de **Santiago de Tal** de trinta e tres, a de **Santa Mariña de Esteiro** cento corenta e seis, a de **San Cosme de Outeiro** de cento cincuenta e un e a de **San Xoán de Róo** de douscentos seis, sen que ningún viva nin teña casais. E canto ao número de ditos veciños, remítense para maior abondamento á lista que deron da veciñanza, e responden.

22ª.- **Á vixésimo segunda**, que en ningunha das ditas freguesías hai casais arruinados e inhabitables, e só hai outras tantas como veciños, e responden.

23ª.- **Á vixésimo terceira**, que no común de ditas freguesías non teñen propios algúns, a excepción dos montes inútiles, e seguintes: **A de San Xoán de Sabardes** un monte chamado Tremuzo que non produce por ser baixo, inútil de natureza,

Foto 1. Plano de Sabardes no Catastro de Ensenada. Ao tempo que se describían os territorios, os escribáns tentaban ilustrar con sinxelos debuxos, á marxe dos textos, a forma xeográfica dos mesmos. (Imaxe: Ministerio de Cultura)



con cabida de mil cincocentos ferrados, demarca polo Levante coa freguesía de San Cosme de Outeiro; Poñente, Santa María de Esteiro; Norte, San Pedro de Outes; Mediodía, o Mar. A súa figura, a da marxe (ver Foto 1). **A freguesía de Santiago de Tal** ten igualmente un monte inútil, chamado Pedregal de Laxe, cabida mil ferrados. Levante e Poñente demarca coa freguesía de Santa Mariña de Esteiro, Norte e Mediodía, Mar. **A de Santa Mariña de Esteiro** ten outro monte chamado Pedregal, que non produce por ser da mesma natureza; cabida tres mil ferrados. Levante San Xoán de Sabardes; Poñente, Santiago de Tal; Norte, San Pedro de Outes; e Mediodía, Mar. **A freguesía de San Xoán de Róo** ten un monte baixo chamado Tremuzo e Costa de Róo. É inútil de natureza e a súa cabida mil ferrados. Levante, Mar; Poñente, San Xoán de Sabardes; Norte, San Pedro de Outes; Mediodía San Cosme de Outeiro. **A de San Cosme de Outeiro** ten outro igualmente que non produce, chamado Golfián e Oliveira, cabida mil ferrados; Levante e Mediodía Mar; Poñente San Xoán de Sabardes; e Norte, San Xoán de Róo; sen que en ditas freguesías teñan outros propios ademais dos montes baixos que deixan expresado, cuxa figura é a da súa respectiva marxe.

24ª.- **Á vixésimo cuarta**, que o común de ditas cinco freguesías non gozan de ningún arbitrio, sisa nin outra cousa do que contén, ademais dos montes que deixan deposto e tabernas que expresarán na súa respectiva pregunta, e responden.

25ª.- **Á vixésimo quinta**, que ningunha das ditas cinco freguesías satisfán salarios de xustiza nin outra cousa do que se expresa, e responde.

26ª.- **Á vixésimo sexta**, que tampouco teñen cargos ningún, dos que conteñen, e responden.

27ª.- **Á vixésimo sétima**, que a freguesía de **San Xoán de Sabardes** paga anualmente á S.M. que Deus Garde, por razón de servizo ordinario trescentos

cincuenta reais, e polos demais ramos mil setecentos cincuenta. A de **Santiago de Tal** corenta reais polo servizo ordinario e polos demais ramos, trescentos. A de **Santa María de Esteiro**, cento oitenta reais de servizo ordinario e polos demais ramos, mil cincuenta. A de **San Xoán de Róo** trescentos reais de servizo ordinario e polos demais ramos mil catrocentos. E a freguesía de **San Cosme de Outeiro** paga de servizo ordinario douscentos trinta reais e polos demais ramos mil cento setenta. En orde a todo o cal se remiten ás testemuñas dadas pola Xustiza, de Curas, contribucións e outros compartos de utensilios e demais cargas que anualmente se ofrecen. Agardan o alivio da Real Piedade, e responden.

28ª.- **Á vixésimo oitava**, que non saben o que en ningunha das ditas freguesías teña a Súa Maxestade alleado algunha parte da súa Real Facenda, alcabalas, rendas nin outro emprego, e só hai dous xuíces e escribáns de número que deixan deposto na pregunta segunda, e en cada freguesía, un mordomo pedáneo que elixen os seus veciños, sen que lles conste ningún título que para un e o outro haxa, e responden.

29ª.- **Á vixésimo novena**, que de todo canto contén, só hai na freguesía de **San Xoán de Sabardes** unha taberna chamada do Freixo que arrendan os seus veciños en virtude do encabezado, e corre a cargo de Juan Blanco, que a ten na cantidade de cento oitenta reais cada ano, que serven para pagar os dereitos á S.M. que Deus Garde, e de satisfeitos regúlanlle de utilidade anual cento cincuenta reais, cen como arrendatario da taberna e cincuenta por vender o viño por si. A freguesía de **San Cosme de Outeiro** ten outra taberna, chamada do Cruceiro de Róo que igualmente arrendan os seus veciños para o mesmo fin, e corre a cargo de Marzelo de Rates y Villaverde, que a ten na cantidade de douscentos setenta e seis reais. Na freguesía de **Santa Mariña de Esteiro** hai outra taberna, de Esteiro, que a trae por arrendo dos mesmos veciños Ignacio Gonzalez en cento corenta e catro



Foto 2. Mosteiro de San Martiño Pinario (Santiago de Compostela), do cal dependía o Priorado de Sabardes.
Foto: Diego Delso, Wikipedia.

reais anualmente. E na freguesía de **San Xoán de Róo** hai unha taberna chamada da Cruz da Xurisdición, que corre a cargo de Simón de Figueroa. Aquí os veciños téñena arrendada na cantidade de douscentos trinta e catro reais cada ano, e nela regulan, a cada un dos arrendatarios, de utilidade, cen reais de vellón. E por vender o viño por si propios, atabernado e por menor, considéranlles de utilidade a cada un, como constara no asento e lista que presentaron da industria a que se remiten. E a casa de ditas tabernas non é do común, senón de particular, cuxo aluguer vai regulado no número das demais, e responden.

30ª, 31ª.- **Á trixésima e trixésimo primeira**, que en ningunha das ditas freguesías hai hospitais, cambista, mercader nin outra cousa do que conteñen, e responden.

32ª, 33ª, 34ª, 35ª.- **Á trixésimo segunda e ata a trixésimo quinta** inclusive, que en orde ao que cada unha contén, remítense á Lista Xurada de oficios, de artes, facultades e máis ocupacións servís e mecánicas que entregaron, e considerándose aos labregos como xornaleiros, regúlalle a cada un por día dous reais de vellón, e responden.

36ª.- **Á trixésimo sexta**, que no termo de cada unha das ditas freguesías non

consideran pobre ningún de solemnidade, e responden.

37ª.- **Á trixésimo sétima, que só na freguesía de San Xoán de Sabardes ten Miguel de Antelo unha embarcación, Alonso Prego outra, Andrés Prego dúas, Andrés de Oca unha e Phelipe Paris outra.** Que todas elas se exercitan na pesca no mar, son propias dos aquí sinalados, e a cada unha das ditas embarcacións consideran dará de utilidade anual ao dono trescentos reais de vellón, e responden.

38ª.- **Á trixésimo oitava**, que na freguesía de San Xoán de Sabardes hai: Frai Leandro de Abelleira; cura D. Pedro de Campo; D. Martin Antonio Bermudez, D. Francisco Antonio Zernadas, e D. Andrés Romero, Mercenarios. Na de Santiago de Tal, D. Santiago Varela, cura, que o é tamén da de Santa Mariña de Esteiro; e nesta hai Mercenarios, D. Pedro Angel Piñeiro e D. Pedro Lestón. Na de San Cosme de Outeiro, D. Lorenzo de Vereá, cura. E na de San Xoán de Roo, D. Carlos de Ulloa, tamén cura dela (ver Foto 3); D. Domingo Romero, D. Melchor Sazido, D. Domingo de Castro, D. Joseph Romero, e D. Pedro Lorenzo Lestón, Mercenarios, que son os eclesiásticos que hai en ditas freguesías, e responden.

39ª.- **Á trixésimo novena**, que na freguesía de Sabardes e Priorado deste

nome, Orde de San Bieito (ver Foto 2), que soamente se rexe por Frai Benito Rueda, Prior, sen outros monxes máis do que fai veces de cura, que queda outro e responden.

40ª.- **Á cuadraxésima**, non saben que teña a Súa Maxestade en todo o termo leira nin renda que non corresponda ás Xerais e Provinciais, a excepción das devesas e plantíos Reais que deron por lista, e responden.

Todo o cal é o que poden depoñer baixo o Xuramento que fixeron e que novamente se ratifican por ser a verdade, e tras lelas enteiraamente, dixeron que non teñen que quitar ou engadir nin enmendar, e estar nun todo arranxado á solución que deron a cada unha das preguntas.

Asinaron os que souberon co Sr. Subdelegado, menos os ditos señores, e polos que non o fai, ao seu rogo, unha testemuña de todo o cal eu, escribán, dou fe.

Don Zecilio Morphi, Francisco Alexandro de Silva, Joseph Luaces Figueroa, Tiburcio Garzía de Hermida, Antonio Rodríguez Taboada, Genuario de Nodal, Juan de Zes, Juan de Mayo, Andrés Antonio Caamaño, Domingo Romero, Geronimo Cambeiro. Ao rogo Martín Ordóñez, ante min, Domingo Romero y Caamaño.

Foto 3. Exvoto do Rial, no que aparece retratado D. Carlos de Ulloa, cura de Roo.



O Serradoiro do Cunchido (II)

Mingucho Campos

Dende aquel día 9 de febreiro de 1927, data de formalización da sociedade co obxectivo de construír un serradoiro na ribeira do Cunchido, vanse tomando as iniciativas sen dilación. Así, o 19 de abril daquel mesmo ano Ramón Alborés Ramos solicita licenza municipal para construí-lo devandito serradoiro e para poder instalar un transformador eléctrico nas inmediacións. Un mes despois tamén pide licenza para instalar no camiño que ía ó serradoiro (na actualidade Rúa da Braña) unha báscula para medi-lo peso dos rolos de madeira.

Como xa se ten reflectido no nº 44 desta revista a composición da sociedade vai sufrir co paso do tempo trocos. Ás xa citadas baixas de Joaquín Castro, Domingo Molinos e Alfredo Blanco vanlle suceder incorporacións coma a de Domingo Alborés Ramos, veciño de Coiradas e irmán de Ramón, que se ocupará de puí-las serras.

Domingo Alborés e Manuel Alborés compaxinarán as súas profesións coas actividades políticas tanto como membros da "Liga de Amigos La Fraternidad" de Outes (1930) e despois como membros da primeira corporación republicana (1931) na condición de integrantes da candidatura da ORGA.

Aquela corporación estaba formada por doce socialistas e seis concelleiros pertencentes á ORGA e presidida polo socialista Jesús Martínez Arcos. En 1932 a ORGA pasa a chamarse Partido Republicano Galego e a corporación de Outes acorda por unanimidade apoiar o Proxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia na sesión celebrada o 31 de decembro. Na corporación de 1935 estarán tamén Manuel Alborés e Domingo Alborés Ramos pero agora baixo as siglas da CEDA.

Retomando novamente o relato sobre a actividade fabril atopámonos cun documento datado en febreiro de 1949 que leva por título: "MEMORIA relativa a la instalación de una fabrica de aserrar maderas, en el lugar de El Conchido, parroquia de Entines, Ayuntamiento de Outes, para D. RAMÓN ALBORÉS RAMOS". Nela dise que o serradoiro

funciona dende hai xa moito tempo, mais coa finalidade de legaliza-la súa situación para dar cumprimento ó disposto nas leis vixentes é polo que se presenta perante a Delegación de Industria o proxecto que de seguido imos debullar polo miúdo. O obxectivo reseñado nidiamente é obte-la necesaria autorización para proseguir traballando no mesmo ó seren os seus servizos de gran interese para o termo municipal.

INSTALACIÓN

Consta esta da seguinte maquinaria:

Unha serra de cinta de 1,20 m de diámetro de volantes, con carro galera.

Unha serra de cinta de 1,00 m de diámetro de volantes, con carro galera.

Dúas serras de cinta de 1,00 m de diámetro de volantes, con mesa fixa.

Un motor eléctrico de 29 cabalos de potencia.

Todas as serras de cinta son das chamadas de columna, ou sexa, que levan sobre a súa bancada unha columna de fundición para o apoio dos eixes dos volantes.

O volante superior vai provisto dun sistema de deslizamento que lle permite desprazarse verticalmente actuando á man por un mecanismo de fuso e volante que permite tensa-la cinta no grao axeitado.

O volante inferior leva montado sobre o mesmo eixe a polea de ataque coa fin de conseguilo movemento da serra.

Os dous carros galera están formados por un sólido armazón de madeira de 3x1 m² de superficie montados sobre roldanas que esvaran so carrís apoiados sobre largueiros de madeira montados sobre zócalos de formigón.

As outras dúas serras levan unha mesa fixa de traballo das seguintes dimensións: 900 x1000 mm.

Despois de detallar polo miúdo a instalación eléctrica, a disposición de toda a maquinaria e de acompañar á memoria a pertinente planimetría de todo o serradoiro tamén se detallan os servizos sanitarios e de hixiene para o uso dos operarios.

NÚMERO DE OBREIROS E DIRECCIÓN

Para tódalas operacións e traballos a realizar no serradoiro estímase a necesidade de contar con seis operarios de plantilla que terán unha xornada laboral de oito horas. Nunha xornada normal pódense traballar de oito a dez metros cúbicos de madeira en rolos para a obtención de táboas de diferente grosor e tamaño.

A relación valorada de tódolos materiais do serradoiro acada a cifra de 30.040,00 pesetas.



Ramón Alborés, de xove.



Moncho Alborés, fillo de Ramón.

Como é obvio un serradoiro destas características e dimensións precisaba para un axeitado funcionamento e para acadar unha produción que resultase rendible de moita máis man de obra e neste concretamente traballaba moita máis xente. **Por aqueles anos e nos seguintes era unha práctica habitual ter asegurados tan só un reducido número de obreiros e meirande parte deles percibían un salario e non se cotizaba por eles.** Cando se producía o chivatazo de que o inspector de traballo, Platas, andaba pola zona estes obreiros ou non acudían ó traballo ou eran enviados para a casa e tan só traballaban aqueles polos que se cotizaba ó organismo correspondente. Tan só da familia directa de Ramón Alborés traballaban dous fillos, Moncho e Mingolo; seu irmán, Domingo, e nalgún tempo tamén traballou o seu xenro, Domingo Campos. Ademais dos empregos directos e permanentes na fábrica había outros traballadores que prestaban servizos para o serradoiro polos que cobraban. Estamos a falar dos taxadores de madeira que percorrían acotío os montes, os cortadores e os carreiros encargados de transporta-las toradas de madeira deica as instalacións. A madeira xa traballada e preparada dispúñase en pilastras polos terreos anexos para o seu secado e neste traballo adoitaban participar tamén mulleres.

Antes incluso da construción do peirao había unha pequena ou non tan pequena frota de barcos, segundo se mire. O propio Ramón tiña dous: o “Josefa Ramos” (nome e apelido de súa nai) e o “Joaquina Blanco” (nome e apelido de súa sogra). Dous fermosos nomes de muller sempre presentes na súa vida. Os madeiros con fábricas abeiradas a medios de comunicación navegables adoitaban mercar ou construír embarcacións destinadas ó transporte das mercadorías das súas factorías. Dalgunhas delas e mesmo das súas tripulacións, percorridos e portos de destino xa temos feita unha pequena reseña no nº 40 desta revista *Terra de Outes*. Neste número 45 imos facer especial énfase sobre o barco de Ramón, “O Freixán”, do Cunchido. Compuñan a tripulación, amais de Ramón, o seu fillo Pepe, Manuel, “O Carabinas”, e o fillo deste, Manolo. Adicábanse ó transporte de leña e area a Muros e a outras vilas e á volta viñan cargados de esterco que servía para o abono das leiras. Tanto Pepe como Manolo emigrarían pasado certo tempo a Venezuela na procura dunha vida menos fatigosa e de mellor benestar.

No mes de novembro do ano 1948 Ramón foi atopado por “O Carabinas” flotando xa cadáver e cunha grave ferida na cabeza no río Tines tantas veces navegado. Nunca se descubriu o autor do crime, inda que si sempre se sospeitou dunha persoa en concreto pola súa traxectoria de roubos. A Ramón e á súa dona, Dominga, roubáronlle por aquelas datas dous porcos que mataran para poder mante-la súa numerosa prole composta por dez fillos. Os dous máis novos eran Saladina e Suso, de 4 e 2 anos respectivamente. Dominga encara a vida superando a tristura, sen ningún tipo de compensación económica pola morte do seu home. A autopsia fixéraa o doutor Esperante na caseta da reitoral de Entíns. Contan que os pulmóns do finado unha vez




Parte da familia Alborés no 1960.

depositados nunha bañeira de cinc chea de auga flotaban, proba máis que evidente de que non morrera afogado. Hai un dito que di que as desgrazas nunca veñen soas e resulta certo en moitos casos porque antes do seu falecemento Ramón tivera que repara-la cheminea da casa que lle derrubara un forte temporal do Sul e para facer fronte ós conseguintes gastos deixara de pagar dúas mensualidades do Montepío. Mais, como case sempre, aparece un desaprensivo e avarento personaxe e Dominga tivo que pagar por segunda vez os materiais empregados na reconstrución.

Moncho Alborés Santos, fillo de Ramón Alborés inicia novas experiencias empresariais xunto con Manuel Vidal, de Outes, en Noia, concretamente na Chaínza, igualmente na actividade madeireira e á fronte do serradoiro do Cunchido ficarían Ramón e o seu fillo Mingolo até que un desafortunado día 9 do mes de agosto do ano 1955 a pérvida gadaña da morte amosa a súa faciana máis tétrica. Cando regresaba de Noia xunto co seu amigo inseparable, “O Goriño”, na moto Guzzi do seu cuñado Avelino atópase de fronte coa morte ós 30 anos. Moncho, dada a idade do proxenitor ten que retonar ó seu Cunchido natal, onde aprenderá a cubica-la madeira, a contabilidade da empresa e a súa dirección. A vida e a dirección do serradoiro van trocar, mais diso falaremos na próxima achega para a nosa revista.

Plano do peirao do Cunchido.



SANCOSMEIROS, o chapeu de Santo Ourense (I)

Soledad Agra Tuñas

POÑÉNDOSE EN CONTEXTO

O chapeu de Santo Ourense, sombreiro de palla coñecido como “sancosmeiro” ou “Sombreiro de Noia” ou “sombreiro de Santiago”, forma parte da indumentaria habitual do traxe tradicional feminino galego, sobre todo do que se usaba na comarca de Muros e Noia, así como nalgúns outras partes da provincia da Coruña. A pesar da case desaparición do uso deste tipo de vestimenta desde principios do século XX, seguiu usándose ata os nosos días este sombreiro, elaborándose, aínda na actualidade, do mesmo xeito artesanal que fai séculos. **É na parroquia de Santo Ourense, nunha pequena aldea de non máis de trinta veciños onde aínda as mulleres manteñen viva a sabedoría da elaboración manual do sombreiro sancosmeiro, ou “Chapeu de Santo Ourense”.** O trenzado das pallas de trigo e o seu posterior cosido permite que sexa unha peza fundamental, tanto para a protección do sol como da choiva, nos labores do campo e do marisqueo, polo que aínda hoxe é posible ver mulleres (sobre todo de avanzada idade) utilizándoos na súa vida diaria.

Clodio González, no seu libro *A indumentaria tradicional galega*, editado pola Deputación da Coruña no 2008, recolle esta entrada sobre o noso sombreiro:

*“A feitura do chapeo (sombreiro) era e é labor de mulleres, que preparan, trenzan e cosen as pallas de centeo, aveia ou trigo. Debido a que son moi compactos, tamén se usan no inverno cando chove. Agora só levan unha fita negra, pero antes adoitaba ser de distinta cor segundo o estado da muller: solteira (unha ou varias cores e longas ata a cintura), casada (vermella ou azul) e por último, viúva (negra). As mozas podían facer uso del co traxe de gala porque as fitas caídas polas costas dábanlle elegancia, pero polo demais sempre foi unha peza propia da indumentaria de cotío e, xa menos, “de saír”. González Pérez, C.: *A indumentaria tradicional galega*, Deputación da Coruña, 2008.*

INTENTOS PARA RECUPERALO

A asociación “Xente de Santo Ourense” leva, desde a súa fundación no 2011, tentando a promoción e salvagarda deste sombreiro, xa que a avanzada



idade das portadoras (únicas mulleres que gardan o coñecemento da súa elaboración) fai temer que logo desapareza este símbolo representativo da artesanía galega, e, ademais, o único elemento de artesanía propio do noso concello. Salvagardar este coñecemento de fonda raizame social na nosa contorna supón traballar no recoñecemento do valor inmaterial do saber tradicional.

Dentro destas actuacións de recuperación e visibilización, no ano 2012, realizouse un obradoiro para ensinar a tódalas persoas interesadas como se elaboraban estes sombreiros de palla. Aqueles grupiños, que se xuntaron durante os meses de inverno, foron denominados “sombreiradas”, porque o seu formato non era o típico dun obradoiro, as xuntanzas eran como se facían antigamente: as mulleres que sabían axudaban as mozas que querían aprender ao mesmo tempo que elas traballaban, elas dicían que se aprende mirando como o fan, as que saben, e corrixindo o labor que van facendo, as que aprenden, foi un tempo moi instrutivo. Ademais, entre café e galletas, fixemos unha recollida de tradicións e coñecementos das nosas maiores, así aprendemos que o que escribira Clodio González era ben certo: algunha moza de Banzas, recordaba Sra. Manuela do Pitilán, levaba a cinta do sombreiro de tea de florifias, coas puntas moi longas, que lle daba un aire de festa ao camiñar, pero iso era porque eran moi novas, as casadas xa eran máis discretas e levaban cintas dunha soa cor, e as maiores aderezaban o sombreiro con calquera tea vella que tiveran pola casa, ata a dun paraugas roto ou dun bisco vello podían valer. Tamén aprendemos da Sra. María de Germán que aprender a tecer non era algo voluntario, senón obrigatorio para todas as rapazas de Santo Ourense, que caían berradeiras e algunha labazada se non atendían ao labor, para ir aprendendo comezaban por cortar os empezos das pallas cando as maiores facían o cordón, tamén escoller e facer as mancheas era traballo das rapazas, despois tecer, pero había que agardar a medrar algo porque doían moito os dedos e ademais de maña era preciso ter as unllas duras, incluso axudarse cos dentes para achandar o cordón e poder coselo. **Tamén nos contaron da importancia desta produción artesanal para a economía das mulleres da parroquia, porque este era un traballo só de mulleres, e os ingresos que da venda dos sombreiros se conseguían tamén eran só para as mulleres,** todas coincidían en afirmar que os cartos dos sombreiros lles solucionaran moito a economía familiar e lles permitiran algún capricho: mercar un vestido para que estreara a nena para a misa do Corazón de Xesús ou uns zapatos para a festa, caprichos pequenos que daquela era difícil conseguir e que lle deron sona de presumidas e independentes ás mulleres de Santo Ourense no resto do concello. Estas e outras curiosidades aprendémolas naquelas tardes de choiva e frío. Alí nos decatamos tamén de que, aínda que só houbera, daquela, 6 mulleres en todo o concello (4 en Banzas, unha en Vilar e outra en Coiradas) que seguían elaborando sombreiros para a súa venda, eran moitas as mulleres da parroquia, de corenta anos para arriba, que sabían tecer e incluso algunha



coser os sombreiros, moitas gardaban esa aprendizaxe desde pequenas pero deixaran de poñela en práctica por falta de tempo ou porque o beneficio comparado co esforzo non compensaba. Esta é a principal problemática para manter esta artesanía, como tantas outras, os custos do proceso supoñen un prezo que fai que as pezas sexan demasiado caras para a súa comercialización, a maioría da xente segue sen valorar o prezo da artesanía, queremos ter pezas auténticas pero pagalas como se fosen fabricadas en serie por máquinas, e iso fai que a xente nova teña que abandonar os saberes tradicionais e aposte por outros medios de vida, e é aquí onde as administracións públicas deberían intervir.

A POLÉMICA DO NOME

Naquelas “sombreiradas” tamén preguntamos ás maiores como se lle chamaba ao sombreiro cando elas eran novas, alá polos anos 30 ou 40, e todas dicían chamarlle simplemente “chapeu” e que na redonda tamén llos encargaban así: “encárgalle dous chapeus ás de San Orente”, para elas eran simplemente “os chapeus de Santo Ourente”, pero xa máis maiores, cando llos viñan mercar para vender en Santiago, nas tendas de artesanía, preguntábanlles por sancosmeiros, non sabían precisar cando se trocara o nome, pero todas reivindicaban que volvesen chamarse “como toda a vida”.

Preguntando e investigando algo máis atopamos varias hipóteses para xustificar este cambio de nome:

- 1ª durante unha das exposicións universais de primeiros do século XX, na que participou Galicia cun pavillón, enviaron o noso sombreiro como mostra de artesanía, foi desde Santiago, e desde alá chamaron preguntando como se chamaba aquel sombreiro para poñerlle unha etiqueta, así que os de Santiago dixeron que o sombreiro o mandaran da zona de Noia, pero non lle sabían nome, e puxéronlle “Sombreiro de Noia”, e así seguiron chamándolle os da zona de Santiago, mentres que máis alá da capital lle chamaban precisamente “sombreiro de Santiago”, que era onde ían mercalo.

- 2ª naqueles tempos, existían barcos de pasaxe e mercadorías que cruzaban desde a Barquiña de Outes á Barquiña de Noia, e nel viaxaban as mulleres que ían ao mercado a Noia vender os sombreiros. Este tipo de embarcacións tradicionais chámanse (agora poucos quedan) “sancosmeiros” e suponse que, por transferencia, o nome se trasladou ás persoas que nelas viaxaban e tamén a como vestían: “aí veñen as sancosmeiras”, “traen os sombreiros das sancosmeiras para a feira”.

- 3ª outro nomeamento por transferencia puido ser porque as veciñas de San Cosme de Outes que ían vender o ceboliño e os produtos de horta que tan ben se dan nesa parroquia, á feira a Noia, levaban o chapeu de Santo Ourente á cabeza, como a maioría das mulleres daquel tempo cando ían traballar (xa fora na leira ou no mar), e por leváreno elas, que eran de San Cosme, quedoulle o nome de “sancosmeiro” ao sombreiro.

Sexa como for, o conto é que, se cadra, xa é tarde para cambiarlle o nome ao sombreiro, así que non nos vai quedar outra que seguirille chamando “sancosmeiro” ao mal coñecido como “sombreiro de Noia” ou “Sombreiro de Santiago” e orixinalmente coñecido como “chapeu de San Orente”, pero o que si que a Asociación Xente de Santo Ourente pensamos é que non é tarde para reivindicar o sombreiro como elemento artesanal propio do noso concello.

COMO SE FAI UN SANCOSMEIRO

Facer un sombreiro non comeza no trenzado da palla, a elaboración comeza meses antes coa sementeira do trigo, porque os sombreiros sempre foron de palla de trigo, aínda que a case desaparición do trigo autóctono (trigo do país) fixo que se diversificara a outras pallas, como de centeo, aveia ou alcacén, pero a cor dourada e a resistencia que os caracteriza, só se dan con palla de trigo do país, unha palla longa, dura e dourada. Despois toca a restreba, apañar a man o trigo para aproveitar ben a palla, atar os monllos co vencello e cortarlle as cabezas, a parte onde está o gran, e despois solear cada monllo durante días, para que seque ben dourado, gardándoo da noite e da orballada e sacándoo cando o sol estea ben no alto. E aínda queda escoller, desfacer os monllos e ir limpando cada palla da sobranza, e cortándoa por cada xunta e sacando de cada unha dúas ou tres, para despois facer atadiños pequenos con pallas de diferentes grosos, porque cada parte do sombreiro leva un diferente.



Para tecer hai que ter as pallas antes en remollo, e tecer con elas húmidas, para que non escachen e sexa máis doado dobralas. Aínda que nalgúns documentos que se atopan navegando por internet, di que o trenzado se fai como o do pelo, ou con tres pallas, isto non é así, como nos contou Sra. Dina do Santolo, de Coiradas, a trenza de tres non se facía en picos, chamábanlle “caniso” e era unha brincadeira de nenas. En realidade, o mínimo son catro pallas, cóllense dúas longas e dóbranse pola metade, quedando catro para trenzar, aínda que tamén se pode facer de cinco, de seis ou de máis, pero o normal é que os nosos sombreiros se fagan con cordón de catro pallas.

O principio faise en roda, xirando as pallas todas en cada volta, para que xa o comezo sexa circular, e despois metros e metros de cordón, encanando pallas cada vez que se van rematando e cortando os empezos para que a trenza quede sen remates. Metros e metros e horas e horas, unllas doentes e polgares endurecidos.

E falta coser, dar a forma, o sombreiro ten varias partes:

- a de arriba é “o cu” (os sombreiros chámalle tapa) faise coas pallas máis finas,
- “a copa”, coa feitura en cono (truncada), feita con pallas algo máis gordas, e
- “a á” (ancha para protexerse do sol e, cosida moi tupida, tamén serve para protexerse da choiva) coas máis grosas.
- “o entrenzado” (ou aderezo), é adornar con tea o sombreiro, forralo por dentro da copa é a parte máis difícil, despois pónselle a cinta por fóra, arredor da copa, deixando o bordo da tapa descuberto. Esta cinta á volta da copa remátase cun cosido triangular das dúas partes da tea, a isto chámase “cara” e é a parte de atrás do sombreiro, de onde deben saír colgando as cintas que caen polas costas, que rematan cun corte en dous picos, como se se lle quitara un triángulo no medio. Para rematar o entrenzado cósense os “sobarbos”, dúas cintas finas que se cosen na beira da copa por dentro e serven para atar o sombreiro á cabeza e que non saia voando ao camiñar.

Así pois, **o proceso de elaboración dun chapeu de Santo Ourente é moi custoso, tanto en tempo como en esforzo e destreza, polo que o seu prezo, entre 30 e 50 euros na compra directa, non paga as horas de dedicación.** Aínda que o seu valor nas tendas especializadas en artesanía triplicase en ocasións, nun recoñecemento á súa importancia.

Soledad Agra Tuñas
Presidenta da Asociación Xente de Santo Ourente



Uns días na Ribeira Sacra (I)


Xoán X. Mariño

A Ribeira Sacra confórmana, por unha parte, unha serie de concellos de Lugo e Ourense situados a ambos lados do treito do río Sil comprendido entre Montefurado, no concello de Quiroga (Lugo), a montaña perforada polos romanos pola que desviaron o río para explotar o seu ouro de lendaria sona, ata a súa pretendida desembocadura no Miño no lugar de Os Peares, pertencente a catro concellos diferentes: A Peroxa, Nogueira de Ramuín, Carballedo e Pantón; e, por outra parte, unha nova serie de concellos lugueses bañados polo río Miño e algúns dos seus afluentes, desde Portomarin ao citado da Peroxa, onde se produce o encontro dos dous cursos de auga máis importantes de Galicia.

O nome de Ribeira Sacra procede, segundo se afirma tradicionalmente, do gran número de mosteiros erixidos a ambos lados de senllos ríos. Mais, hoxe, tal denominación sabemos que é unha transcripción errónea do documento medieval no que este territorio se cita por vez primeira e no que aparece o termo "Roboyra sacra" que fai referencia a un carballo (robur en latín) ou unha carballeira. Polo que coñecemos, os primitivos habitantes de Galicia adoraban a distintos elementos da natureza como mananciais, árbores ou bosques. Hábito que pervivía aínda séculos despois da chegada do cristianismo, e precisamente a nova relixión aproveitou os antigos lugares de culto en beneficio propio para apoderarse máis doadamente da relixiosidade popular. O carácter sacral excepcional que debía ter este territorio desde a Prehistoria explica a irrupción masiva de eremitas e cenobios que ían difundir o cristianismo desde moi pronto, como proban o Crismón de Quiroga (hoxe no Museo Diocesán de Lugo), o sarcófago de Temes (igreja de Sta. Mª de Temes-Carballedo), en época tardorromana, e o altar de S. Pedro de Rocas (Esgos), no período suevo. A eclosión deste proceso chegou nos séculos centrais da Idade Media, coa erección dun elevadísimo número de mosteiros e igrexas románicas, que contribuíron a manter a identidade sagrada deste territorio ata os nosos días.

É precisamente esa proliferación de mosteiros, dos que aínda perviven 14, e igrexas medievais, das que existen máis de 20, un dos maiores atractivos da Ribeira Sacra. Do extraordinario de tales números dá idea a comparativa coa nosa zona: De Cee a Padrón non hai máis ca un par de mosteiros -S. Xusto de Toxosoutos e S. Xoán de Sabardes-, cinco igrexas románicas, todas de pequenas proporcións, e algunhas máis góticas, con só unha destacable pola súa monumentalidade: S. Martiño de Noia.

Foto 1. Ferreira de Pantón.



Dos aproximadamente 20 mosteiros que chegou haber, parte deles foron absorbidos polos máis poderosos, xa en épocas temperás e logo, no s. XIX, todos sufriron o cataclismo que supuxo para o patrimonio histórico e artístico a Desamortización de Mendizábal, á cal seguiu a ruína de gran parte deles, dos que se conservan as igrexas e algunhas estancias arredor dos claustros que non foron derribados para aproveitar os seus sillares. Aínda así chegaron en excelente estado de conservación algúns deles como o de **Ferreira de Pantón** (Foto 1), que segue atendido por monxas bernardas que elaboran apreciables doces; o de **Sta. Cristina de Ribas de Sil**, no concello de Parada de Sil (Foto 2), desprovisto de retablos, imaxes, lámpadas, bancos e todo ornamento, conserva a súa extraordinaria arquitectura cisterciense, lamentablemente incompleta no claustro, e magníficas pinturas renacentistas; o de **Sta. María de Xunqueira de Espadanedo** tamén perdeu parte do seu fermoso claustro, pero seguiu usando como igrexa parroquial e así puido sobrevivir a súa cabeceira románica de tres ábsidas, co seu extraordinario retábulo renacentista, dos poucos que existen en Galicia; o de **S. Vicente do Pino**, en Monforte, capital da Ribeira Sacra, perdeu toda a estrutura románica nun incendio e foi posteriormente reconstruído nun estilo renacentista con bóvedas estreladas

de gran vistosidade; o de **Sta. María de Montederramo** é máis monumental, tanto polas súas maiores dimensións como pola súa traza herreriana obra de Xoán de Tolosa, quen traballara no Escorial e substituíu o vello edificio románico polo actual renacentista a fins do s. XVI, cuxo interior é alumeado por unha gran cúpula sobre o cruceiro e ademais a súa cabeceira alberga un dos primeiros retablos barrocos galegos, obra



Foto 2. Sta. Cristina de Ribas de Sil. Interior.

do afamado Mateo de Prado; non menos impresionante, pola súa grandiosa cabeceira de tres ábsidas, é o de **S. Estevo de Ribas de Sil**, no concello de Nogueira de Ramuín, cuxas obras comezaron no 1183 e concluíron séculos máis tarde cos seus fascinantes claustros da portería, dos bispos e dos cabaleiros (Foto 3), de fermosas liñas renacentistas, hoxe convertido nun dos maiores atractivos do parador nacional no que se converteu o mosteiro; e, finalmente, o máis antigo, non só da Ribeira Sacra, senón de toda Galicia, **S. Pedro de Rochas**, no concello de Esgos, cuxa existencia como eremitorio escavado nas rochas está probada xa no s. VI e logo ampliado en época románica.

O repertorio de grandes edificios para comunidades relixiosas incrementouse cun par de conventos, ambos en Monforte. O primeiro é o de Nosa Señora da Antiga, máis coñecido como **Colexio do Cardeal**, fundado como institución xesuítica (hoxe dos escolapios) polo cardeal Rodrigo de Castro, da poderosa familia dos condes de Lemos, a fins do s. XVI e con planos do mesmo discípulo de Herrera que traballara antes



Foto 3. S. Estevo de Ribas de Sil. Claustro dos Cabaleiros.

en Montederramo, Xoán de Tolosa, polo que presenta a mesma fasquia austera, pero á vez monumental da obra escurialense, que culmina na grandiosa cúpula con lanterna que se ergue sobre o cruceiro; mais o edificio acobilla aínda algúns outros tesouros: un fantástico retábulo barroco de Francisco de Moure, a estatua orante do cardeal, fundida en bronce por Xoán de Bolonia en Florencia e, finalmente, na súa pinacoteca dous valiosísimos cadros do Greco. O segundo é o



Foto 4. Castromaior. Portomarín.

convento das clarisas, construído no s. XVII, sen demasiado mérito artístico, pero albergando no seu museo de arte sacro dúas espléndidas esculturas, un Cristo xacente e unha Inmaculada, dun dos máis grandes escultores de tódolos tempos: Gregorio Fernández, xunto cun Calvario gótico, do s. XIV, procedente de S. Fiz de Cangas (Pantón).

O segundo gran conxunto de atracción turística é o das igrexas románicas, entre as que destacan: en primeiro lugar S. Estevo de Ribas de Miño (O Saviñao), edificio de nave única pero triple arcada na fachada, a central das cales, abucinada, é da escola do Mestre Mateo, o mesmo que o rosetón da parte superior, que nos permite imaxinar como debeu ser o do Pórtico da Gloria antes do seu desmantelamento. Tamén da escola mateana é S. Xoán de Portomarín, que pertenceu á orde de S. Xoán de Xerusalén, os famosos “cabaleiros hospitalarios”. As súas altas ameas danlle carácter de fortaleza dominando o enclave extratético do camiño de Santiago sobre o río Miño. Outra de gran orixinalidade é S. Miguel de Eiré, en Pantón, de orixe monástica e gran

antigüidade, presenta unha torre-campanario sobre o cruceiro, única en Galicia, ademais dunha magnífica decoración en arcos, canzorros, capiteis, tímpanos e mochetas.

Finalmente, outros monumentos dignos de visitar son, en primeiro lugar os dolmens da **Leira da Rapada** e **Abuime**, ambos en O Saviñao de gran tamaño, pero mentres que o último perdeu a cuberta, o outro aínda a conserva. En segundo lugar un castro visitable e bastante ben escavado, o **Castromaior** (Foto 4), ao pé do camiño de Santiago ao seu paso por Portomarín, aínda que as pezas atopadas alí, moitas de gran valor arqueolóxico, se exhiben no Museo do Castro de S. Cibrán de Las (San Amaro-Ourense). E por último, dous **castelos**: un en **Monforte**, do que só fican a entrada e a torre da homenaxe, de máis de 30 m. de altura, que forma conxunto co pazo condal e as dependencias do mosteiro de S. Vicente como parador de turismo; o outro, de gran espectacularidade, polas súas tres robustas torres, é o de **Castrocaldelas** (Foto 5).

Outros lugares de interese turístico son: a **Algazara de Bendilló**, en Quiroga, un antigo muíño no que se segue producindo artesanalmente aceite, aproveitando a forza animal que arrastra a gran pedra de moer; a **pousada de Vicente Risco**, en Castrocaldelas, na que viviu o célebre escritor ourensán, hoxe convertida en casa rural que alberga unha biblioteca especializada no autor; o **conxunto etnolóxico de Lumeares**, en A Teixeira, un conxunto de gran interese formado por hórreos, petos de ánimas, un cruceiro, muíños, unha ponte e, na súa contorna, pequenas fervenzas.

E, finalmente, para quen dispoña aínda dalgún tempo, recoméndase visitar algúns dos moitos museos que hai distribuídos por toda a Ribeira Sacra. Tres deles están en Monforte: o **museo casa de bonecas**, o **museo do ferrocarril**, no que se amosan locomotoras, coches e diferente material do máis significativo da historia do ferrocarril de Galicia e que dispón dunha rotonda ferroviaria con 38 vías radiais, única no seu xénero, e o **Museo do Viño da Ribeira Sacra**, antigo hospital e concello nos anos 30, que, ademais de sala de exposicións, dispón tamén de tenda e tapería; outro está en Quiroga: o **museo xeolóxico**, que exhibe a unidade xeográfica, a xeodiversidade e a paleontoloxía da Serra do Courel. En O Saviñao áchase o **museo etnográfico-ecomuseo de Arxeriz**, con diferentes salas expositivas adicadas á etnografía propia da Ribeira Sacra e inclúe visitar as escavacións dun castro. En Sober pódese visitar o **Figulus**, sobre a cerámica de Gundivós e no que se organizan talleres para diferentes públicos. En Parada de Sil é posible ver o **museo do chocolate de Teimende**. E, por último, en Xunqueira de Espadanedo, está o **Museo taller de Niñodagua**, pero que, lamentablemente, só é posible visitar en grupos e de forma concertada, para desfrutar dunha das mellores mostras de olería tradicional de Galicia.

Foto 5. Castelo de Castro Caldelas.



Entrevista a...

Marisol Nieto

Marisol Nieto Mallo naceu en 1941 en Santiago, onde os seus pais rexentaban unha cafetería. Ao pouco de nacer, os seus proxenitores regresaron á Farrapa, de onde era orixinaria a nai, para que o seu pai, Alejandro, axudase na casa familiar, ao mesmo tempo que se facía cargo da cartería de S. Ourense e que compraba madeira para a fábrica que o seu cuñado posuía na Cepa e máis tarde en Espiñeiro. A súa nai, María Joaquina, ademais de irmá de Juan Mallo, érao tamén de Dina Mallo, mestra en Lantarou que neste mes de xaneiro cumpre 104 anos en plenas facultades e ademais foi iniciadora dunha extensa pléiade de mestres e profesores: os seus propios fillos M^a Luísa, Manolo e Pepe Fuentes e as súas sobriñas Marisol e M^a Elena Nieto e Mercedes e María Mallo.



Fálanos dos teus estudos.

Estudei a educación primaria na escola de Busto e despois na do "Coxo", en S. Ourense e, ao acabar, aos **once anos, fun para Santiago a estudar no Instituto Feminino, actual Rosalía de Castro, onde o pasei moi mal, pois tiña moitas soidades, ata o punto de escapar da casa da miña tía, coa que vivía, para regresar de volta a S. Ourense.** Despois do bacharelato entrei na Escola de Maxisterio, entón situada no actual edificio do Reitorado da Universidade, na praza do Obradoiro. Alí rematei aos 19 anos e en 1963 aprobé a oposición ao corpo dos antes chamados "mestres nacionais".

Como foron os teus primeiros anos na educación?

Empecei a traballar na alfabetización de adultos, primeiro en Outes (Freixo e S. Ourense), logo en Sta. Comba e Melide, postos aos que acudía a traballar en moto. A este último concello fun traballar porque alí estaba destinado como veterinario o meu

marido Pepe Tuñas, natural de Viro. En todos eles os medios eran moi precarios, apenas tiñamos mobiliario, un encerado e algúns mapas. Ximnasio e biblioteca nin falar e nin sequera calefacción.

E cos alumnos?

Cos alumnos era bastante estrita. Creo que sen disciplina non pode haber boa ensinanza. Pero fóra da aula era moi amiga dos nenos. Sempre ía con eles de excursión.

Cando remataches a etapa de provisionalidade?

En 1967, cando me deron destino definitivo no colexio do Cruceiro de Roo, de onde non me movín ata a xubilación.

E por que non quixeches, entón, cambiar para o instituto Poeta Añón, como fixeron os demais?

A pesar de que, por antigüidade, me correspondía escoller antes que ningún outro mestre un posto no novo instituto, que se inaugurou no 1999, renunciei a el porque era feliz no colexio do Cruceiro, que ademais tiña ao lado da miña casa de Viro e ao que podía acudir a traballar sen necesidade de coller o coche.

No 2002, despois de case 40 anos no ensino, xubilácheste. En que empregas o tempo agora?

A maior parte do tempo na horta, onde planto hortalizas, sobre todo cebolas, flores de todo tipo e árbores froiteiras. Parte do tempo tamén se me vai en viaxar a Santiago con frecuencia, para visitar a fillos, netos, irmá, sobriña e unha panda de amigas para botarmos unhas partidas ao chinchón. A afección ás cartas tamén me distrae na Serra, xogando con algunhas amigas ao "rabino", un xogo que moitos coñecen como "o continental".

Pero unha das túas maiores afeccións foi sempre viaxar. Séguelo facendo?

Viaxar sempre foi unha paixón para min. De España non me queda por coñecer máis ca Cuenca, Guadalajara, Huesca, Teruel e Jaén. Onde máis estiven foi en Mallorca, creo que máis de vinte veces, por ir alí cada ano coas excursións do colexio. Gustáronme moito as Canarias: Lanzarote como destino sorprendente; Tenerife polo divertido e Gran Canaria, polo fermosa que é. **E desde que me xubilei adiqueime a facer o camiño de Santiago a pé, por etapas, desde Roncesvalles ata Compostela,** do que aínda me falta por completar un pequeno treito desde Ponferrada a Triacastela.

Por Europa estiven en Francia –París e Grenoble, que me encantou–, Holanda, Bélxica, Alemaña –desde Frankfurt ata a desembocadura do Rijn–, Londres, case un mes, Edimburgo e Italia, que percorremos en coche toda enteira ata Rijeka, na antiga Xugoslavia e ao pouco de marcharmos dalí empezou a Guerra dos Balcáns. Coincidiunos xustamente esa viaxe co día no que morreu Carlos Romero, o que fora director do colexio da Serra, polo que non puidemos asistir ao seu enterro. Pero o máis emocionante foi a Arxentina, que percorrín de norte (fervenza de Iguazú) a sur (Ushuaia) e que xa relatei para esta revista –ver *Terra de Outes* nº 7– en novembro de 2008.

Outra das túas paixóns é a política. Sabemos das túas inclinacións socialistas. Explícanos como comezaron.

O socialismo vívoo cunha convición parecida á relixión, tanto que creo que Xesucristo foi o primeiro socialista da Historia. Na política activa nunca participei, pero si da súa ideoloxía, desde que Felipe González veu dar un mitin a Noia antes de ser presidente. Desde aquel momento integreime no PSOE da Serra, onde apenas había media ducia de militantes: Moncho de Silvino, Angelito de S. Cosme, Martelo de S. Ourense, Joaquín Piñeiro, Domingos Alborés e Belarmino, "O Aviador", que foi o primeiro concelleiro socialista en Outes logo das primeiras eleccións democráticas.

Que pasou despois?

O número de militantes aumentou considerablemente e tamén o de votos, ata o punto de que Enrique Pedrosa, o candidato socialista en 1995, estivo a piques de gañar a alcaldía. Logo viñeron anos de desencanto,

polo apabullante dominio do PP e o empuxe do BNG, que levou ao abandono da maior parte dos antigos militantes e a falta de renovación con xente máis nova.

Na política activa non estabas, pero si en tódolos plenos municipais.

Non falei a case ningún durante moitos anos. Frecuentemente eu era a única asistente do público e, en numerosas ocasións, solicitei intervir ao remate dos plenos. O alcalde permitíamo, pero non me facía moito caso. **Tamén me desgustaba que a prensa non contase dos plenos o que realmente ocorría alí.** Deixei de acudir por motivos particulares, fundamentalmente a situación familiar, que se me complicou, pero penso volver cando se normalice.

Deixaches de ir aos plenos, pero empezaches a colaborar con Terra de Outes.

Desde a catástrofe do *Prestige*, no 2002, comecei a colaborar coa Plataforma *Nunca Máis* de Outes. Incluso **acudín varias veces a limpar chapapote ás praias de Carnota como voluntaria coa miña filla, xunto con milleiros de persoas máis que, durante aquel inverno, acudiron de tódalas partes do mundo a axudarnos a resolver aquel desastre que a Xunta de Fraga non só non sabía enfrontar, senón que cada decisión que tomaba empeoraba máis aquela calamidade.** Acórdome que o día de Noitevella daquel ano, todo o grupo da Serra que fomos aquela xornada, fixemos unha foto na carpa dos voluntarios con

Miguel de Lira, que entón se fixera moi famoso polo seu papel de "Currás" na serie *Mareas Vivas* da televisión galega. Tamén recordo con orgullo a asistencia á manifestación do 23-F en Madrid xunto con máis de cen mil galegos e galegas que esixiamos responsabilidades pola xestión da catástrofe. Ao ano seguinte tamén colaboraba coa comisión que organizaba actos na Serra contra a guerra de Irak á que nos levou o goberno de Aznar. Dous anos despois, cando a plataforma *Nunca Máis* se transformou na Asociación *Terra de Outes*, eu tamén estaba no grupo fundador e, logo, durante algúns anos formei parte, ademais, da súa Xunta Directiva.

O COLEXIO DO CRUCEIRO

Como era o colexio do Cruceiro cando chegaches?

Naquel momento estaba de directora Elvira Pedrosa, da Barreira (Tarás). As clases impartíanse no edificio antigo que se levantara cos cartos dos emigrantes de Outes na Arxentina uns poucos anos antes. A escola tiña seis aulas, unha para cada curso de primaria, nas que impartían clases Filomena Pena, unha mestra represaliada no franquismo (ver *Terra de Outes* nº 24); Enrique, un mestre de Santiago; Avelino Alborés, da Serra; e José Zubiela, de S. Cosme.

As aulas tiñan moitísimos alumnos, procedentes do Cruceiro, S. Cosme e O Freixo. En pouco tempo, ao implantarse a EXB, que facía obrigatorio o ensino ata os 14 anos, aumentou aínda máis o número de alumnos, aos que se debía impartir clases en diferentes baixos do Cruceiro, todos eles sen as debidas condicións: case sen mobiliario, sen baños e moito menos calefacción e apenas un pequeno comedor para os alumnos de S. Cosme, que carecían de transporte.

Cando cambiou a situación?

En 1982, cando empezou a funcionar o novo edificio escolar e mellorou o transporte, que fixo innecesario o comedor, e púidose instalar nel o ximnasio. Pero o alumnado continuou a aumentar.

E por eses anos asumiches a dirección do centro, non?

En 1983, despois de exercer como subdirectora, fíxeme cargo da dirección do colexio, que ocupei durante 19 anos, con José Antonio Vázquez, como secretario. Despois, cando me xubílei, exerceu el de director.

Cóntanos como foi o exercicio desa responsabilidade.

Gardo moi bos recordos do exercicio do

cargo, pola excelente relación con toda a comunidade educativa: coas autoridades educativas, cos compañeiros, cos alumnos e, sobre todo, pais e nais. Precisamente para facer máis fluída a relación con eles impulsei a creación da ANPA, cuxo primeiro presidente foi Juan José Castro, de Rates. Grazas a esta asociación puidemos facer fronte a difíciles situacións, incluso económicas dalgunha familia.

Que máis realizacións podes destacar do teu paso pola dirección?

Unha que gardo no recordo con moito cariño foi o impulso á revista escolar *O carro*, de contidos moi variados que elaborou durante anos un equipo de profesores e alumnos, que tamén se encargaban das portadas.

Outra da que me sentín moi orgullosa foi a de conseguir, no ano 1989, a xornada única para o centro. Foi o primeiro colexio de toda a comarca e parecíame fundamental para dar formación extraescolar a nenos e nenas con aptitudes para o deporte, a música, o baile, a pintura ou calquera outra actividade non incluída no currículo escolar.

Tamén dos meus últimos anos como directora foi a dotación dunha completísima aula de

música, doada por D^a Pastora Campos, unha exalumna que fixera fortuna en Estados Unidos e quixo demostrar desa forma a súa gratitude á súa antiga mestra D^a Filomena, pero a cuxa inauguración, infortunadamente, non puiden asistir, por coincidir coa morte do meu pai.

Finalmente, cal é a túa opinión sobre o peche do colexio que dirixiches durante tantos anos?

O seu peche por parte da Consellería, provocoume sensacións contraditorias. Por unha parte pareceume unha medida oportuna: os alumnos ían saír gañando e economicamente era insostible o seu funcionamento. Por outra parte sentíame afectada emocionalmente por todos os anos de traballo e sacrificio empeñados nel; pero o que máis me molestou foron as formas, a orde a final de curso, sen informar nin aos pais, nin ao claustro.

E co silencio cómplice das autoridades municipais, non cres?

Sobre iso non podo opinar, porque non asistín ao pleno no que se abordou o asunto. De todas formas, xa digo, era un solución que había que adoptar tarde ou cedo.



É a dor algo positivo?

Dr. Xosé M.ª Dios Diz

Temos que partir da base de que a dor é algo que nos molesta, nos irrita e que pode chegar a ser insoportable; como podemos dicir que sexa algo positivo? Pois si que o é, xa que se temos dor indica que algo non está ben no organismo e que temos que poñerlle remedio: non só para quitar a dor, senón para resolver (ou intentalo) a causa que a provoca.

A dor é un síntoma, que acompaña o 75% das patoloxías. Non é infrecuente que a dor supoña unha traba ou enmascarar outro tipo de síntomas. “A única dor soportable é a dor allea”.

A dor é a primeira causa de consulta en Atención Primaria e máis do 50% das consultas están relacionadas con estados de dor crónica.

A dor é o síntoma máis antigo que existe e a súa abordaxe constitúe un reto para a medicina, dende os primeiros tempos da humanidade.

Como definición tipo de dor, temos a que dá a Real Academia Española, que a define: 1. m. Sensación molesta e aflictiva dunha parte do corpo por causa interior ou exterior. 2. m. Sentimento de pena ou congoxa. A International Association for Study of Pain (IASP) defínena en 1986 como: “unha experiencia emocional desagradable, asociada ou non a unha lesión tisular e que se describe coas manifestacións propias de tal lesión tisular”.

Podemos dicir que a dor é o que unha persoa sente e coa intensidade que esa persoa di que ten. É unha experiencia multidimensional, con compoñentes sensoriais, subxectivos, emocionais, afectivos, motivacionais, cognitivos e sociais.

A dor pode ser de tipo Aguda ou Crónica: consideramos que é Aguda cando existe unha resposta fisiolóxica ante un estímulo adverso, que cesa cando o fai a causa que o provoca (comportaríase como signo de alarma); normalmente dura menos dun mes, pero pode durar de 3 a 6 meses; a dor Crónica é cando dura máis de 3 a 6 meses, é de forma **continua e non ten un final previsible**. **Perde o sentido protector e asóciase con sufrimento psíquico importante e tamén pode acompañarse de depresión e que incapacite a esfera social, laboral, económica e familiar de quen a padece.**

Tamén consideramos que a dor pode ser de tipo oncolóxica (relacionado co cancro) ou de tipo non oncolóxica. A primeira chámase Dor Irruptiva Oncolóxica: o concepto ten só 20 anos e pode definirse como unha sensación non controlada que require un axuste de analxesia dende o principio. Temos que varolalo individualmente e son máis un conxunto heteroxéneo de sensacións que varían dunha persoa a outra. O tratamento debe ser tamén individualizado. Os fármacos máis utilizados son os opioides: morfina, oxicodona, tramadol ou fentanilo e buprenorfina (estes dous, pódense administrar en parches dérmicos).



Na dor de tipo Non Oncolóxica, debemos avaliar a historia da dor: data de aparición, localización, intensidade; tipo de dor: cólico, urente, xordo, constrictivo, pulsátil, tipo neuralxia, punzante, fulgurante, etc.; a irradiación; se se acompaña doutros síntomas: como náuseas, vómitos, mareo, etc.; o estado xeral do paciente, os tratamentos que toma, o estado psicosocial da persoa. Faremos unha exploración específica das zonas dolorosas e, se precisa, as probas complementarias correspondentes: radiografía, TAC, electromiografía, electroencefalograma, etc.

Existe a Escala Visual Analóxica, que marca de 0 a 10 a intensidade da dor: dende 0 que é que non ten dor a 10 que é unha dor insoportable: o paciente ten que dicirnos en que escala está.

As características fisiopatolóxicas da dor, poden ser unha Dor Nociceptiva Somática: é brusca, xorda e continua, ben localizada: é a típica dos esguinces traumáticos, luxacións, etc.



A Dor Nociceptiva Visceral: é profunda, opresiva, mal localizada: como as dos cólicos de riles, biliare, etc. A Dor Neuropática: é urente, queimante, acompañada de formigueo (parestesias) e con gran compoñente emocional: aparece nas neuropatías postherpéticas, nas neuralxias, etc. A Dor de tipo Psicóxena: clínica abirragada, sen causa orgánica e con somatizacións; a Dor Mixta: con mestura de tódolos tipos; a Dor Indiferenciada ou Idiopática: moi frecuente, de tipo miofascial característica da fibromialxia, que cursa cunha dor muscular e articular intensa e que non mellora co tratamento habitual.

Existe tamén a “dor do membro fantasma”: persoas ás que se lles amputou algunha zona do corpo e din que lles doe a zona que non teñen.

Podemos tratar a dor con medidas non médicas, como a programación de exercicio físico adaptado ao paciente en cuestión, cambiar os estilos de vida: non fumar, perda de peso se hai obesidade, etc. tratamento psicolóxico con terapia cognitiva-condutual, termoterapia se é o caso, electroterapia con ultrasons, con láser, etc. masaxes, rehabilitación multidisciplinar, etc.

A forma de tratar a dor, con medicación, é moi variable. Temos que buscar o equilibrio entre o analxésico ou antiinflamatorio (AINE) que tomemos, cos seus efectos secundarios. A vía de administración case sempre é a oral, pero debemos avaliar outras vías de administración en función da dor e do paciente: intramuscular, intravenosa, en parches dérmicos, spray, supositorios, cremas, etc. Nunca debemos infravalorar a dor.

Para tratar a dor temos o que se chama “O Ascensor Terapéutico”: comecemos por analxésicos, tipo paracetamol, aspirina, logo os analxésicos non opioides como os AINES: diclofenaco, naproxeno, etc. Logo os analxésicos opioides como o tramadol ou codeína, logo, de non mellorar, derivación a Unidade da Dor do Hospital para un tratamento máis específico da dor e o quinto grao con técnicas invasivas para tratar a dor: infiltracións, etc.

Moitas veces temos que utilizar outros medicamentos, acompañando o tratamento específico da dor: antidepressivos como a amitriptilina, antiepilépticos como a gabapentina,

relaxantes musculares como o Diazepam, axentes tópicos como a lidocaína, corticoides como a prednisona, ansiolíticos como as benzodiazepinas, etc.

Coidado coa automedicación: tratar unha dor de forma continua e sen supervisión médica, pode estar enmascarando un problema máis importante. Moitas veces temos que acompañar o tratamento da dor tamén con terapia psicolóxica. Consultar sempre co médico de cabeceira cando a dor non desaparece de forma permanente co tratamento habitual.



Debemos ser conscientes de que os síntomas acompañantes da dor deben desaparecer tratada esta; de non ser así, consultalo.

A comunidade científica aínda non é capaz de comprender, por completo, todo o universo que rodea a sensación de dor, pero si se sabe que a dor vén do cerebro. A dor, debe ser eliminada con tratamento e se non, consultalo co médico de cabeceira.



CONSTRUCCIÓNS BLANCO

**Traballos de
Albanelería
e Cantería**



Teléfonos: 981 769 439 – 635 946 920

Boca de Oroña, nº 6 – Cando – 15.286 OUTES (A Coruña)

Páxina web: construccionblanco.com
facebook.com/construccionblanco/

Balance dun 2018 repleto de actividade

M^a Paz González López

No 2013 organizamos o XI Encontro de Embarcacións Tradicionais no Freixo e ampliamos a nosa actividade como asociación en defensa do patrimonio e a cultura mariñeira. Un ano despois recibimos da Consellería do Mar dúas embarcacións, a buceta *Támara* e o bote de Noia *Langaño*, construídas na Escola A Aixola de Marín co encargo expreso de coidalas e darlles un uso social. Van catro anos desde entón e é un bo momento para facer balance.

A organización do Encontro levounos a iniciar unha estreita colaboración co resto de asociacións da ría de Muros e Noia e con todas as que coma nós forman parte da Federación pola Cultura Marítima e Fluvial-Culturmar que se traduciu na participación cos nosos barcos nun bo e variado número de actividades, tanto na ría como noutros puntos de Galicia e, este ano, mesmo ben lonxe da nosa terra.

Centrándonos só neste ano, que parecería máis cativo porque non tocaba Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, a gran festa da cultura mariñeira, posto que se celebra bianualmente e o último foi o ano pasado en Combarro, a valoración non pode ser máis positiva.

Comezamos as actividades mariñeiras cunha viaxe a Euskadi. Entre o 17 e o 20 de maio, celebrábase o I Festival Marítimo de Pasaia, con Galicia como convidada de honra, polo que Culturmar organizou unha expedición de embarcacións de todas as tipoloxías entre as que ía o noso *Langaño*. **Na baía de Pasaia, entre Pasai Donibane e Pasai San Pedro, navegou xunto a un cento doutros barcos de todos os tamaños e fasquías e procedentes de todos os curruchos**, aínda que non sen dificultade porque a baía é moi estreita e o espazo de navegación quedaba moi reducido. Malia que a estrela da festa, o *Hermione*, un buque francés construído como unha réplica do mítico barco co que o Marqués de La Fayette participou na guerra de independencia de EEUU no século XVIII, non chegou a tempo debido a unha avaría, a celebración non se viu deslucida porque contaba cun programa cultural moi atractivo,

Festival Marítimo de Pasaia.



Vela clásica Murcia.

no que tamén Galicia participou con mostras de artesanía, música e gastronomía.

Un mes despois, arredor de San Xoán, do 22 ao 24 de xuño, o *Langaño* volveu partir a terras alleas, neste caso ao Mediterráneo, para participar na V edición da Vela Clásica do Mar Menor. Nesta ocasión, a viaxe foi algo máis precipitada porque inicialmente ía participar outra embarcación que finalmente non puido ir, pero os compañeiros José Antonio, José Manuel e Socorro non se arredaron a pesares da distancia e alá foron en representación de Galicia, a unha xuntanza na que por primeira vez convidaban a outras rexións e na que o eixo central era a vela latina. **Tampouco se arredaron ante un mar descoñecido e navegaron polo Mar Menor xunto a unha trintena de barcos de vela latina e clásicos procedentes do País Vasco, Galicia, Cataluña, Valencia, Torrevieja e do propio Mar Menor.** Foron tres días intensos dos que o excelente trato recibido e o bo ambiente compensaron o esforzo dunha viaxe moi longa e o traballo de trasladar o barco. As institucións anfitroas tamén quedaron moi contentas coa representación galega e contan con que participemos nas próximas edicións.

Tamén en xuño, durante dúas fins de semana, realizamos o Curso de vela tradicional, do que xa imos pola cuarta edición. Esta é a nosa actividade central, a que organizamos nós como asociación, aínda que como nas outras ocasións contamos coa colaboración da Asociación Mar de Muros e do Centro Náutico Francisco Rama-Fufú. É unha actividade sempre gratificante na que cada ano se achegan algunhas persoas novas a coñecer as nosas embarcacións e a aprender a navegar nelas e que sempre remata con que algunhas delas se embarquen tamén na asociación, facendo que paseniño medremos en mans con ganas de defender, manter e divulgar a cultura mariñeira.

Na primeira fin de semana de xullo, case sen descanso, participamos no Muros Mira o Mar, a que sen dúbida é unha das máis grandes

e fermosas festas da ría grazas á participación de todo o pobo muradán que traballa arreo para que non haxa nin un recuncho da vila sen un adorno mariñeiro, sen música, sen algunha actividade que anime aos veciños e visitantes a gozar da nosa cultura.

O 14 de xullo, un senvivir, subimos coa *Támara* os ríos Ulla e Sar ata Padrón para homenaxear a Rosalía de Castro na sexta edición da Inchadiña Branca Vela que organiza a Fundación Rosalía de Castro.

Iniciamos agosto con outra festa mariñeira, o desembarco na praia de Ventín de Abelleira que organiza todos os anos a Asociación A Ostreira tras o que se celebra unha gran comida de confraternidade de toda a veciñanza. Este ano, por certo, tras o xantar, tivemos a sorte de escoitar e botar unhas risas coa banda máis festeira de Outes, A Tajea.



Mariña Seca no Obradoiro.

Esta foi a última festa do verán, pero non a última actividade do ano. Tras ela, tocou traballar: rascar, lixar, reparar e pintar, un labor que a madeira pide todos os anos pero que desta vez tiña un obxectivo un pouco especial, porque **na primeira semana de outubro o Langaño tiña que relucir na Praza do Obradoiro de Santiago**. Porque este ano cumpriuse o cuarto de século da constitución da FGCMF-Culturmar e tocaba celebralo por todo o alto realizando un soño de vello: encher a maxestosa Praza do Obradoiro, o corazón de Galicia, con embarcacións tradicionais procedentes de todos os seus mares e ríos; en palabras que roubo ao seu presidente, Manolo G. Sendón: enfrontar os mestres carpinteiros cos mestres canteiros para que poidan intercambiar os seus saberes ancestrais. E así se fixo. **No marco da celebración “25 anos na salvagarda”, montouse unha mariña seca no Obradoiro, resultando dunha beleza e espectacularidade tal que mesmo facía tremer da emoción**. Novamente, a nosa asociación, como o resto das integrantes de Culturmar, colaborou, non só expoñendo un barco senón aportando ideas e mans para montar, vixiar e atender os visitantes que demandaban información, entre incrédulos e fascinados pola fermosa estampa que lucía no Obradoiro. De termos que escoller

unha actividade da que nos sintamos especialmente orgullosos/as, quizais sería esta, non só pola enorme repercusión e pegada que de seguro tivo nas persoas que tiveron a sorte de desfrutar dunha conxunción entre mar e pedra tan pouco frecuente, senón tamén porque supuxo un esforzo moi importante de organización e execución dada a dificultade da montaxe da exposición nun espazo en que todo é patrimonio protexido. Como colofón da celebración, organizouse tamén unha xornada na que se analizou o pasado e se debateu o futuro de Culturmar e do patrimonio marítimo e fluvial de Galicia na que estiveron presentes as institucións colaboradoras.

Por fin, cando pensabamos que xa rematara o ano e que só quedaba facer algunha pequena navegación pola ría se o tempo o permitía, pedíronnos colaboración para participar no programa Sentir o Mar, unha iniciativa do Galp Seo de Fisterra e Ría de Muros e Noia e a ONCE tan interesante que non admitía un non por resposta. Tratábase de facer unha navegación en barcos tradicionais con persoas con discapacidade visual. En principio, a actividade impúxonos moito respecto, posto que tendemos a considerar que a vista é un sentido imprescindible mesmo para as tarefas cotiás máis sinxelas. Pero como para botar os medos e prexuízos fóra, non hai como o coñecemento, organizouse unha primeira xornada de formación para as tripulacións das embarcacións participantes, na que nos amosaron as nocións básicas do traballo con persoas con este tipo de discapacidade. Posteriormente, o 15 de decembro, celebrouse a actividade. Aínda que non se puido realizar a navegación porque o tempo non puido ser peor, as tripulacións amosáronlles aos participantes as embarcacións, axudándose de réplicas en relevo construídas para a ocasión e mesmo houbo quen se atreveu a subir a algún dos barcos baixo a chuvia e o vento. Foi unha mágoa que non se puidera saír ao mar, pero resultou tan satisfactoria que nos encantaría que se volvесе realizar, a poder ser cun tempo máis agradable.

Esta si foi a derradeira actividade do ano, un ano ben completo que abre paso a novos retos para o ano que vén: navegar no mar bravo da Guarda, que acollerá o XIV Encontro de Embarcacións Tradicionais, e arborar dúas novas embarcacións. Pero disto xa falaremos!

Sentir o Mar.



O despoboamento dos núcleos rurais. Outes

Vicente Abelleira Cambeiro


Estamos a asistir a un feito que se non lle poñemos remedio, ímonos ver en moitos núcleos rurais como en Outes, onde pouco a pouco estamos a ollar vivendas que en tempos pasados foron vivendas cheas de vida, e hoxe son vivendas baleiras e nalgúns casos restos de vivendas que noutro tempo tiñan vida.

Segundo o INE (Instituto Nacional de Estadística), a poboación de Outes manifestou os seguintes cambios:

ALTERACIÓNS NO MUNICIPIO DE OUTES DENDE 1842 (*)

CENSO	1842	1857	1860	1877	1887	1897	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	2001	2011
Poboación	7904	7734	7971	9160	9237	9368	9906	10214	11057	11772	12992	13450	13994	11282	10128	9273	8202	7177

E a gráfica que nos amosa estes datos non deixa ningunha dúbida:



E polo que estamos a ollar, non está a cousa para botar foguetes, e digo para botar, despois da nova que daba o **Xornal da Estrela** o día 6 de novembro, que puña a seguinte crónica: **“Outes, o concello que máis emigrantes e mortos por habitante rexistra na ría”**. O alí relatado é para pensar un pouco, onde estamos e onde vamos: **“Outes pasou de ter máis de 10.000 habitantes no 1981 a ter 6.514 no 2017, case perdeu a metade en pouco máis de 35 anos. Os principais motivos**

deste descenso son dous: a emigración e a mortalidade.

É imposible ofrecer datos fixos ou constantes sobre a mortalidade pero sempre aportan información útil para coñecer cal é a situación demográfica nos municipios.

A relación entre mortos e a cifra de poboación é un dato recorrente no noso país. A media aquí é de 11,7 mortos por cada 1.000 habitantes.

mais as principais son: o avellentamento, a emigración xuvenil (consecuencia, normalmente, por unha mala política de asentamento) e da baixa taxa de inmigración.

Resulta que Outes, á parte de contar cunha das poboacións máis envellecidas da ría, tamén é o concello no que máis xuventude emigra. A situación tamén ten as súas peculiaridades, pois non só se emigra ao estranxeiro senón que tamén existe unha alta taxa de migración interior. É dicir, de migración entre concellos do país.

O dato de emigración de Outes multiplicouse coa chegada da crise e a día de hoxe xa ten máis de 2.400 habitantes fóra do municipio, é dicir, un cuarto (26%) do que podería ser a súa poboación total actual (Aproximadamente 9.000, actualmente censados 6.600).

Se ao problema do avellentamento lle sumamos que a xuventude é a que emigra, principalmente, Outes seguirá perdendo habitantes mentres non se tomen medidas para mitigalo.

Despois de dar este parte, haberá que poñerlle remedio a esta situación, como é a fixación de poboación nas nosas aldeas e nos núcleos de poboación con maior número de habitantes como no Freixo ou na Serra.

O 26-06-2018, no medio dixital **EFEEagro**, a xornalista Anabel Pascual, fai o comentario seguinte:

“El 80 % de la población vive en grandes ciudades en España y de los 8.000 pueblos repartidos por nuestra geografía casi 2.000 están en riesgo de desaparición, un “problema real” que para empezar a atajar requiere de un cambio de mentalidad para que la vuelta al rural no se perciba como “fracaso”.

Galiza está en proceso avanzado de avellentamento, mais hai concellos que superan ou contrarrestan por completo o habitual.

Na nosa ría temos que destacar Outes. Os últimos datos indican que, no concello do Sancosmeiro, hai actualmente 16,8 mortos por cada mil habitantes, superando, con diferenza, a media galega.


Pode haber moitas razóns e motivos a ter en conta para analizar esta situación

Aínda que haxa ese cambio de mentalidade, é necesario fixar poboación. Pero para poder fixar poboación é preciso (neste caso Outes, ao que me refiro) que as autoridades locais comecen a poñer “*toda a carne na grella*” e non mirar para outro lado, como se o problema non fose con eles. Cando o medio dixital **Xornal da Estrela** con data de 06-11-2018 denunciaba que Outes era o concello que máis emigrantes e mortos rexistraba na ría, deu pé, a que eu comentase no meu perfil do Facebook o seguinte:

“Pois neste Concello de Outes hai responsables, e estes responsables son os membros do goberno municipal, corenta anos de gobernos fascistas na ditadura franquista, e despois gobernos de dereitas ata o día de hoxe, e nalgúns casos de ideoloxía e talante fascista”.

Pero o xornal *La Voz de Galicia* do 12-01-2015 xa nos contaba o que estaban a facer en Os Ancares (Lugo), como estaban a fixar poboación coa creación de granxas ecolóxicas, mediante cultivos de horta e produción láctea cos seus derivados, así como a súa carne ecolóxica, como foi a creación da **Granxa Arqueixal** mediante un proxecto da Xunta de Galiza denominado **Symbios** (é un proxecto da Unión Europea).

Nas páxinas de *El País* do 21-09-2012 o xornalista Nacho Gómez pon o “*dedo na ferida*” e culpa o mal do despoboamento nas zonas rurais, a Administración autonómica, neste caso a Xunta de Galiza, e o primeiro punto témolo en ensino; e os do concello de Outes, sabemos como foi o peche do Navasqués “*con alevosía e premeditación*”, coas consecuencias da masificación nas aulas no colexio da Serra de Outes. Ou



se vamos á saúde, ao ficar neste verán pasado sen o pediatra correspondente.

Pero o problema non remata aquí, dado que os fondos comunitarios como o chamado **Leader**, en vez de reforzar ao sector agrogandeiro e forestal, abandonáanos, empregándose estas partidas de cartos en construcións de pistas de pádel, tanatorios ou centros sociais para terceira idade.

Despois de ollar os prezos do leite, onde xa os gastos de mantemento son moito máis que os ingresos pola venda do leite, pois “*apaga a vela e vámonos*”, e despois vemos que a propia Administración, tanto na Xunta de Galiza coma no Goberno Central, reman a favor das grandes marcas comerciais, abandonando ao que ten a explotación láctea.

Pois todo este tipo de problemas, aderezando coas comunicacións; e digo ben comunicacións, dado que en Outes aínda hai “*sombras*” para poder conectarse con internet ou unha recepción deficiente do sinal de televisión na TDT.


E para rematar este escrito fágoo con estas verbas que a escritora Natalia Lema Otero ¹

fai nun artigo en *La Voz de Galicia* na edición de Bergantiños o 28-10-2018, ese artigo leva por título: **Os que queremos quedar no rural** e remata deste xeito:

“Miren, eu nacín nunha aldea de Baíñas con apenas tres casas onde, a día de hoxe, unha está deshabitada. Supoño que para calquera neno é algo indesexable vivir unha infancia sen compañeiros para xogar á pelota ou reunirse na praza a simplemente ollar a xente ao pasar. Mais agora, co paso dos anos, sei que non puiden medrar nun sitio mellor para a miña personalidade. Quizais porque agora son coñecedora de que a miña aldea ten unha historia de esforzo detrás, que meus avós foron en parte unha familia Buendía, que entre a miseria e desidia do seu tempo formaron o seu propio Macondo”.

* Fontes do INE (Instituto Nacional de Estadística)

1 Natalia Lema Otero é unha escritora que naceu na localidade de Baíñas (Vimianzo) en 1999, ten publicados os libros PREVENCIÓN DE RISCOS AGRARIOS NA COSTA DA MORTE e BAOS (que fala da diáspora producida polo Encoro da Fervenza).



A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto á ponte de San Lázaro) - Tif. 981 82 42 60

NOIA

Que vén o lobo!

Ante todo deberíamos -Lusco, Fusco e Chusco- desculparnos polo artigo do número anterior, que por un fallo técnico-organizativo, enviamos o arquivo equivocado á imprenta... As nosas desculpas. Dito e feito!! Seguimos...

Normalmente neste número que cerra-abre un ano novo, dános por ser un pouco pesimistas nas nosas aseveracións, por así dicilo, deixándonos levar por conxecturas, en fin...

Cerramos un ano 2018, a nivel local, pois algo caótico, sen moitas novas relevantes ou dignas de mención, os concelleiros cobran a fin de mes, os enchufadiños de quenda pasado e presente tamén, iso queda fóra de toda dúbida, pois o cartiño é o cartiño, e que chova!!

A desidia do paso do tempo nun Concello que non ve máis alá da súa “napia” é o que ten, seguimos como hai unha chea de anos, que non avanzamos, non avanzamos, si, o que ti digas, beirarrúas arranzadas -algunhas-, que non é sen tempo, si, todo iso está ben... **E a medida que se aminore o tempo das eleccións veremos máis xestos acompañados de presuposto, pois agora si hai cartos... Que coincidencia!!**

Carretas de plaqueta, formigón e persoal operativo a pleno rendemento, como ten que ser, que non se diga... buscando sempre a “excelencia”, pero que ben soa!! Que o cidadán se dea conta de que algo se está facendo dende o Concello para o seu mellor benestar, servizo correcto... Que a nómina caia cada fin de mes aos enchufadiños/as é algo irrelevante, non para eles que cobran senón para o resto de persoal de a pé... Moito vello espabilado que non perdeu o tempo mandando o fillo polo mundo adiante, para que?? Para o Concello que sei eu dun que!!... Listo e feito. Para o Concello!! De que?? N.p.i., pero o caso é entrar, meu, e deixa estar que o tempo pasa e a xente coa rutina acaba esquecendo todo, *déjate!!*...

Pero, vaia, agora neste ano que comezamos a raspiñar sexa un ano de comezos novos, proxectos ilusionantes, que se traslade á xente esperanza, que boa alta fai, xunto con traballo, que é o que paga as facturas da luz, da caloríña -pensar que con tanto viravento espallado polos nosos montes co beneplácito dos mandamases do concello e que non repercute nesas facturíñas que lle caen aos nosos vellos cada mes, é imposible de crer-. Mais que non quede todo en boas palabras, pois a xente espera que se lle melloren as súas expectativas globais... Os personalismos non levan a cousa boa, pois xa está máis que demostrado.

Lusco e Fusco

ASÍ NON ...



Pasan os meses e o silveiral segue igual...

ASÍ TAMPOUCO ...



Con bos coches aparcamos como queremos!

NIN DE COÑA...



A segunda vez que a sacamos e segue igual... Un sinal de stop ou unha piruleta??

Campana de Pau

Vicente Abelleira Cambeiro

Foi no mes de febreiro de 1981 cando a casa discográfica RUADA sacou á rúa dous discos tamaño LP que levan por título *Bailaches*, *bailaches* e *O Tiroliro*. Estes discos pertencían a un grupo que estaba radicado en Noia (A Coruña) e tiñan o nome de CAMPANA DE PAU.

No disco *Bailaches*, *bailaches* o seus membros estaban formados polas voces de: Gonzalo Ageitos, Maxi Álvarez (†), Luis Iglesias, Manolo Iglesias, Félix Louro, Pedro Alonso e Xosé Ramos. Colaboraron nesta gravación Michael Canada (violín, mandolina e baixo) e Paco (batería). Adaptación de textos de Maxi Álvarez (†) e arranxos e dirección musical de Rodrigo Romani. O técnico de gravación foi Antonio Morales. A gravación foi rexistrada na SGAE co número R-144-D e co Depósito Legal nº C-1242-81. A maior parte destas cantigas eran temas populares que se cantaban nas fiadas que se facían antes ou nas tabernas. Neste disco hai un tema que popularizou antes unha voz das chamadas Voces Ceibes, como era *Pilocha* e o tema en concreto é “*O sancristán de Coimbra*”. Aínda que a maior parte dos temas son todos populares, agás o tema “*Marchiñas brasileiras*” que é o primeiro tema da cara B, onde os autores son C. Moraes, L. de Carvalho, e J. Utrini, aínda que no tema “*O sancristán de Coimbra*” nótase a man de Rodrigo Romani, e digo de Rodrigo Romani, porque no tema que canta *Pilocha*, pon letra popular pero a música de Rodrigo Romani. As cancións das que consta este disco son as seguintes: Na Cara A: “*Foliada de Noia (Bailaches, bailaches)*”, “*O anel*”, “*Aldeíñas de Galicia*”, “*A Marimba*” e “*Cantiga do Tolo*”. Na Cara B: “*Marchiñas Brasileiras*”, “*O Chis Qui Ris Chis*”, “*O sancristán de Coimbra*”, “*Toxos e Froles*” e “*Pandeirada das Pelicas*”. A portada deste disco é de Miguel Anxo Prado.

No disco “*O Tiroliro*” os seus membros son os mesmos que na anterior gravación (*Bailaches, bailaches*) así como as colaboracións

Portada de *O Tiroliro* de 1981.



Portada de *Bailaches, bailaches* 1981.

e as adaptacións de textos, arranxos e dirección musical ou o técnico de gravación. Esta gravación foi rexistrada na SGAE co número R-131-D e co Depósito Legal nº C.171-1981. Nesta gravación hai un tema como é “*O Tiroliro*” que tamén popularizou a *Radio Topolino Orquesta* con “*El tiroliro*” e comezaba deste xeito: “*Arriba con el tiroliro, abajo con el tirolaro, era el baile de moda en los cuarenta, y ahora en los ochenta enrolla mucho más...*”. Neste disco tamén outro tema como é a “*Pandeirada da Chainza*” atopamos unha estrofa que di o seguinte: “*A muller que capa os homes; vive no campo de Noia; fuxir homes, fuxir homes; que aí vén a capadora*”. Todos estes temas son populares, agás o tema das “*Marchiñas brasileiras*” onde os autores son: C. Moraes, L. de Carvalho, e J. Utrini. As cancións das que consta este disco son as seguintes: Na Cara A: “*O tiroliro*”, “*O moito postín*”, “*Eu non sei*”, “*Foliada de Viveiro*” e “*Pandeirada da Chainza*”. Na Cara B: “*A muller do coxo*”, “*Por debaixo da ponte*”, “*Pombiña mesaxeira*” e “*Marchiñas brasileiras*”. A portada deste disco pertence a Foto Esteirán de Noia. Todas estas cancións eran das que se cantaban nas “fiadas” a base de pandeireta e gaita, mentres se estaba fiando.

Estes discos nunca foron reeditados en CD, como tería que ser para que as gravacións non queden no esquecemento, dado que hoxe en día os tocadiscos xa non se venden como se vendían e non estaría de máis que estas gravacións fosen *masterizadas* e editadas en CD.

Nos seus comezos non foi un grupo que tivo forza para a súa difusión cultural, dado que daquela comezaban con forza A Roda, Petapouco, Fuxan os Ventos, e sobre todo unha casa discográfica que tivo pouco tempo de existencia; Ruada naceu en 1979 e crebou en 1983, e con elas moitas esperanzas de grupos a gravar en galego, e o problema que tivo Ruada era que non se daba a coñecer ao exterior, e isto no mundo da música tamén se nota.

INFECTADOS


Se preguntas a calquera dos superviventes, dirache que ó principio non nos decatamos de que estaban aquí. Mentres houbo poucos infectados, case ninguén falaba deles, como se non existisen. Pero non era así. O certo é que estabamos mirando para outro lado. Entretidos cunha política que cada día era máis espectáculo e cun espectáculo a cada momento máis folletinesco, o progreso da praga pasounos desapercibido ata que foi demasiado tarde.

Pensabamos, probablemente, que aquel mal pasaría, como o ébola ou a gripe A, afastado das nosas vidas, pois ese tipo de desastres sempre sucedían a miles de quilómetros de nós. E quizais fora así de non ser pola conmoción. Como un corpo afectado de estrés que sucumbe a unha enfermidade, a sociedade abriuse á infección e esta espallouse como a onda dunha explosión. Da noite para a mañá, o mundo transformouse.

Durante semanas agardei acontecementos pechado na casa, ata que as provisións empezaron a esgotarse e o desacougo a invadirme. Había que tomar unha decisión. Con tódalas precaucións, saín na procura de alimentos non perecedoiros e auga embotellada. Tiven sorte e repetín a operación varias veces sen un mal encontro. Máis tarde, souben que acostuman gorecerse da intemperie en cafeterías, grandes superficies ou centros comerciais, con preferencia polas tendas e pequenos supermercados. Quizais conservan un atavismo social que os fai ir en rabaño ós mesmos sitios que visitaban antes de os alcanzar a epidemia.

Pasaran máis de tres meses da conmoción e as miñas expedicións na procura de bastimentos empezaban a facerse rutineiras, cando tiveron o primeiro susto. Un zombi de idade e bastante estragado estivo a piques de comerme o cerebro cando amoreaba latas de xoubas –*Sardinillas en aceite de oliva*, dicía a etiqueta– no carro, moi feliz de atopar alimento tan saboroso esquecido do primeiro pánico. Desfíxenme del como puiden e lisquei do sitio abandonando o meu botín.

Pecheime na casa e asegurei aínda máis todas as posibles entradas. Durante días volví vivir como ó principio da crise. Pero ía ter que saír outra vez nun momento ou outro, e tería que ser decontado; estíbame acabando o papel.



Foi cando decidín ampliar as rutas e, ademais das incursións de avituallamento, realizar exploracións. Espiaría ós infectados, o seu número, os seus costumes, todo aquilo que me axudase a sobrevivir. Dei cos lugares onde se xuntan en maior número, os que máis me conviña evitar. Tamén coñecín os seus horarios, pois a pesar da súa falla de axilidade mental, son nómades e desprázanse en manda a distintos puntos da cidade segundo a hora do día.

Agora sei que carecen case completamente de olfacto, quizais como unha forma de autodefensa, e a súa vista tampouco é moi boa, non sendo para detectar o movemento. O que si teñen é un oído agudo, co que detectan ós seus conxéneres e ás posibles presas. E teñen unha linguaxe rudimentaria, cousa que resultou unha beizón, pois coñecela permitíume máis adiante camuflarme entre eles.

Despois do que podería chamar período de proba, son un ser humano con posibilidades de sobrevivir neste mundo post-apocalíptico. Se bato con algún infectado, incluso con varios, basta que repita algunha das súas combinacións de sons para que me tomen por un deles e me deixen tranquilo.

Cun “eu non me complico a vida”, “nos imponden el gallego”, “non son de esquerdas nin de dereitas”, “todos os políticos son iguais”, “tratan mellor ós inmigrantes”, ou cousa polo estilo, ningún sospeita que non estou infectado, e podo desenvolver tranquilamente a actividade do día. Se isto non funciona, sempre me queda a opción de retirarme discretamente e morra o conto.

Posdata: Hai veces que necesitamos comportarnos como seres humanos e xuntámonos os superviventes. Somos poucos. Sospeitamos que hai moitos máis, só que son moi bos imitando ós zombis.

Henrique Álvarez

OBXECTOS

(Outros soños da morada aberta)

Paseo polo cuarto. Miro para un lado e para outro: a cama, o armario, a mesa de noite, os cadros... cada cousa no seu sitio, inmóbel, sempre igual. Danme calafríos e teño que saír de alí!

Collo as miñas cousas: chaves da casa, carteira, móbil, tabaco, chaves do coche, chaqueta... De golpe atópome desbordado, angustiado por tanto obxecto. Éntranme desexos de tiralos ao chan e fuxir correndo cara á rúa.

Conduzo até a tenda. Aparco, baixo do carro e entro no establecemento. O home e a muller que traballan alí ollan para min e fanme algunha observación con solicitude. Eu non atendo moito, xa que vou pendente dos artigos que me arrodean. Avanzo polo local. Hai utensilios de moitas clases; semellan antigüidades ou algo así: escritorios e cadeiras de madeira escura, lámpadas que desprenden unha luz amareleta,



armarios cun lustre de bronce, espellos de marcos profusamente ornamentados...

Miro para un lado, véxome reflectido nun deses espellos e, de súpeto, descubro que só son unha escultura e que non me podo mover nin sequer pestanexar!

Espertei, aterrorizado!

Eloy Hervella

OS NENOS DA VARÍOLA

María Solar


Editorial Galaxia, 2017

Nos primeiros anos do século XIX e baixo o reinado de Carlos IV, lévase a cabo dende o porto de A Coruña unha expedición filantrópica, consistente en levar ata América a vacina da variola.

Este feito, cun valor científico importantísimo ata o punto de que dita enfermidade foi erradicada en 1980, cando a Organización Mundial da Saúde declarou ao planeta Terra zona cero da variola, é o relato que María Solar vén contarnos neste libro que aporta ledicia, tanto polo seu relato emocionante e cheo de sentimento, como de descubrimento científico para quen non estamos relacionados de xeito profesional co mundo da medicina.

Os nenos da variola describe nos primeiros capítulos a vida nun sórdido e cruel hospicio daqueles tempos na cidade de A Coruña. Despois o relato conta os avatares e dificultades que os protagonistas atopan na preparación da viaxe que pretende levar a vacina ata América. Como facelo? **Inoculando a 22 nenos (ningunha nena contaba para este proxecto) a vacina da variola, que deste xeito podía conservarse e así chegar a destino e ser distribuída brazo a brazo, formando unha cadea humana que aínda hoxe non sabemos a cantidade de xente que participou e cantos quilómetros percorreu esta “trasfega” da vacina, salvando vidas que estaban destinadas a unha morte segura.**

Podemos imaxinar, a través das descrições realistas e sórdidas da autora, as condicións nas que vivían os nenos do hospicio. Nenos que foron abandonados na maior parte das veces polas súas nais e pais por non poder darlles alimento, nin roupas ou calzado, en definitiva por non poder darlles o sustento que os mantivese con vida. Estamos a primeiros do século XIX e o contexto histórico tamén é importante para ter en conta os sucesos desta aventura científica, pero curiosamente é esta historia a que converte a 22 nenos (4 dun hospicio de Madrid, 13 do hospicio de A Coruña e 5 do de Santiago de Compostela) e que representan o máis baixo da sociedade, os desherdados e miserables, en 22 heroes que soportan



unha difícil travesía levando no seu corpo o remedio que se converte nun acto médico dos máis importantes para a humanidade.

E chegados ata aquí, non está completa a recomendación deste libro se non hai unha importante referencia á protagonista: Isabel Zandal. Esta muller é a reitora do hospicio de A Coruña e que os médicos responsables da expedición recomendan como titora dos cativos, tendo labores de coidadora, enfermeira e en definitiva responsable de ter atendidos e controlados aos 22 nenos. Isabel Zandal é a única muller que forma parte na travesía ata América e o seu traballo será recompensado con ter unha vida mellor nalgún lugar do novo continente, xunto a Benito, o fillo de solteira

e o seu segredo mellor gardado no tempo no que é responsable da reitoría do hospicio coruñés. Non podemos aseguralo, pero si supoñer que a fuxida a novos mundos acaba coa difícil tarefa de ser unha muller sinalada polo feito de ser nai solteira, nunha sociedade na que os prexuízos morais, relixiosos e políticos, rexían e definían inxustamente a vida das mulleres. Pero grazas a esta emotiva e fermosa novela de María Solar temos para nós a unha muller galega esquecida ou pouco recoñecida. Isabel Zandal ten unha rúa dedicada na cidade de A Coruña. A lectura do libro deixa para a reflexión moitos dos feitos que se descubren na novela, e entre eles está a importancia que Isabel Zandal aportou á ciencia nunha expedición moi arriscada e chea de dúbidas e incertezas que poñen en valor a súa solidariedade e, sen dúbida, a súa entrega profesional.

Xunto a Isabel Zandal, atopamos protagonistas que tamén son fundamentais no relato dos feitos, como poden ser os doutores Posse Roybanes ou Balmis, tamén o entrañable neno Ezequiel. Hai uns poucos días, nun xornal lin un pequeno artigo de Carmen Rigalt, adicado a Isabel Zandal e que titulaba: “Vacuna viene de Vaca”. A explicación a esta cuestión está explicada moi sinxelamente nas follas deste libro. **Vacina vén de vaca** e eu disfrutando do libro aprendín esta curiosidade, e outras moitas, facendo desta historia real un relato delicioso.

Lidia Vicente

Cartas dun Añón a outro (II)

Ramón Blanco

Continuamos a nova serie, sobre o legado documental que Enrique González-Añón Villar lle cedeu á Real Academia Galega o 2 de outubro de 2018. Como xa adiantamos no artigo anterior, agora toca ocupámonos da outra carta dirixida por Francisco Añón ao seu curmán Tomás Añón Martínez, “o Vinculeiro” do pazo. Aproveitamos para aclarar que este (e non o irmán do poeta) é o Tomás que chegou a alcalde de Outes. Explicamos isto porque no artigo anterior a afirmación nos quedou algo ambigua, tal como nos suxeriu Xosé Carlos González Añón, lector atento que sempre conta coa nosa gratitude, e quen xa hai tempo nos revelara que o irmán do poeta era coñecido como “Tomás pequeno”; e sábeo certo porque el descende desa rama familiar dos Añón. Os criterios de edición son os mesmos que empregamos no artigo precedente (véxase *Terra de Outes*, nº 44). Esta é a segunda carta:

Sr. D. Tomás Añón y Martínez
Madrid, 8 de noviembre de 1872

Mi muy querido primo y amigo:

Creo haber contestado a tu última incluyéndote un soneto al Ministro de G. y J. [Gracia y Justicia]¹ y extraño mucho tu silencio, sin saber a que atribuirlo, aumentándose mi cuidado por saber que estabas herido en una ceja a [de] consecuencia de una pedrada, lo que he sentido mucho, a la par que celebro [celebro que] no hayas titulado de *Marqués*². Todo esto lo supe por Tuñas y Pedro Paz³.

Espero que semejante golpe no tendrá consecuencias, y del cual creo ya [yo] te / hallarás repuesto.

Espero que me contestes inmediatamente para tranquilizarme.

Yo me hallo actualmente bueno y robusto, habiendo recobrado mis carnes y fuerzas anteriores a mi larga enfermedad, que me había dejado en la espina.

Ayer escribí a Jesús⁴ sobre la causa de Pepe⁵ que creo [no] se zanjará favorablemente. Cuando le [lo] veas, ya te lo explicará todo. Haz una visita a mi hermana y al ecónomo de Olveiroa [Osveiroa]⁶, otra a Tomás y familia⁷, dándoles a todos mis cordiales recuerdos.

Visitarás también a Laje y señora y a su madre. Igualmente lo [...] harás [...] a la *Maestra*⁸, a Barreiro y familia, a D. Ángel Ferreiro [Tenreiro] y demás amigos y parientes, sobre todo a Romero y / Sacido⁹ con toda su familia, sin olvidarme de Outón, Ferreiro y respectivas familias.

Ahí te incluyo esa carta que entregarás a mi primo José¹⁰.



Descendientes de Tomás Añón Martínez no pazo de Boel, fotografados para a revista Vida Gallega en 1924.

*Da mis expresiones a los curas de Outes, San Orente, Roo, &c. [...] y si ves a mi buen amigo Lago dale mis cordiales afectos, que hablamos con frecuencia de él en casa de nuestro pariente D. [don] Carlos Mariano Rodríguez Añón, Fiscal de Guerra en la Habana, que está actualmente en esta corte*¹².

*Adiós, escíbeme [escribe] pronto y manda [mandas] como gustes a tu afmo. primo que te quiere y desea verte = Francisco Añón de Paz*¹³

Se na misiva de xaneiro de 1872 tiñamos o misterio da encomenda feita a Jesús, na carta que desapareceu misteriosamente, segundo o que informaba Francisco Añón, temos agora outra incógnita: a pedrada que recibe o primo Tomás. Os políticos sempre teñen inimigos e a vida pública de Añón Martínez vén xa de moi atrás. O 12 de xuño de 1852 aparece o primeiro escudo do Concello de Outes, nun documento asinado polo alcalde daquela, Tomás Añón; o mesmo edil xa presidira o pleno municipal máis antigo do que hai constancia, o 6 de febreiro de 1839 (Mariño, X. X. e García, X. F.: *Efemérides de Outes*, 1999). Posto que Tomás, “o Vinculeiro” do pazo de Añón, naceu en 1809, é ben factíbel que sexa el. En calquera caso, o 1 de xaneiro de 1846 o seu mandato interrómpeuse, sequera temporalmente, ao ser sucedido por Alberto Campero (inmortalizado moitos anos despois nunhas coplas de Nicolasa Añón). El quen sería o autor de tal atentado contra a autoridade emérita?

En oposición ao que suxeríamos no artigo precedente a este, a cordialidade familiar non estaba en cuestión, pois o poeta pide expresamente que lle sexan dados recordos a seus irmáns, Nicolasa e Tomás, alén doutros parentes e amigos. Atopamos aquí o Añón que máis nos renxe, preocupado por formar parte da rede clientelar, feito probado tamén polos versos laudatorios ao seu benfeitor no ministerio de Graza e Xustiza.

Nesta segunda carta a Tomás descubrimos unha longa doenza que minou gravemente a saúde de Añón, non sabemos se dela derivará a súa enfermidade final, a que levará a súa vida seis anos despois.

E interésanos tamén, como non?, a referencia a Nicolasa: “*Haz una visita a mi hermana y al ecónomo de Olveiroa*”. Quere isto dicir que Nicolasa Añón vivía alá co fillo cura? Talvez o asistise nas tarefas domésticas da casa reitoral? Se isto se confirmase, podería botar luz sobre como Jacobo Lema Fernández, mestre de Olveira, copiou un día a obra da señora Nicolasa.

¹ Refírese a Eugenio Montero Ríos, omnipotente político e cacique galego de extensa traxectoria.

² No orixinal aparece subliñado. Supoñemos que a alusión á frustrada titulación nobiliaria se trate dunha chanza.

³ Tuñas debe ser o curmán Pepe Tuñas, home da máxima confianza do poeta, como viamos na outra misiva. Pedro Paz leva o apelido materno de Francisco Añón (Paz). Podería ser outro primo, mais non necesariamente: Xosé Carlos González Añón leva traballado abondo na confección de árbores xenealóxicas da súa familia e por el soubemos que outra rama dos Paz tamén acabará emparentada coa xente do pazo. Mesmo nos indicou que pode tratarse de Pedro Juan Paz Gosende (Boel, 1839). Como dicía o finado Francisco Martelo (“Pitilán”), cando escrutabamos o legado de Nicolasa Añón: “Os Paz e os Añón foron todos mesturados”.

⁴ Imaxinamos que sexa Jesús Buján Añón, fillo máis vello de Nicolasa Añón Paz, a irmá maior do poeta. A el ía destinada a misteriosa carta extraviada da que falabamos no primeiro artigo. *Vid.*, a seguir, a nota nº 6.

⁵ Pode que sexa Pepe Tuñas outra vez.

⁶ É Olveiroa (no concello de Dumbria). En San Martiño de Olveira e mais no seu anexo, Santiago de Olveiroa, foi párroco Jesús Buján Añón. Ao ir referido canda a irmá do poeta, Nicolasa Añón, debe ser el o ecónomo.

⁷ Este si é o irmán menor do poeta: Tomás Añón Paz, “Tomás pequeno” (1814-1896).

⁸ Tamén aparece subliñado no orixinal. Descoñecemos a identidade da mestra. Non descoñecía Añón o contacto coas forzas vivas, por máis que estivese lonxe da terra, como tamén se constata ao lembrarse, no parágrafo vindeiro, dos curas da contorna. De por parte, así como nos acontecía coa outra carta, por máis que algúns apelidos nos sexan tan familiares, tampouco somos quen de identificar satisfactoriamente os destinatarios dos saúdos.

⁹ Sen sabermos se Romero y Sacido son dúas persoas diferentes ou os dous apelidos dunha mesma, pensamos no Sacido máis famoso da época: Francisco Sacido Arestíño (1839-1900), boticario do Rego (Entíns), que nos daba a coñecer Mingucho Campos no nº 22 de *Terra de Outes* (2013). Sacido Arestíño tamén gobernou o Concello de Outes entre 1891 e 1893 (García, X. F.: *100 Anos da Historia de Outes: 1880-1980*, 2016).

¹⁰ Pepe Tuñas.

¹¹ *Vid.* nota nº 8.

¹² Rodríguez Añón estivera antes por esa corte madrileña. Por volta de 1857 e 1858, a Facultade de Dereito da Universidade Central emitiu o certificado do seu expediente académico, documento que se conserva no Archivo Histórico Nacional.

¹³ O nome do poeta vai rubricado.